



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1808/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 27 de decembro de 2024

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez

D^a M^a Carmen Silva Rego

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

D. Angel Rivas González

D^a Elena Espinosa Mangana

D^a M^a José Caride Estévez

D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga

D. Jaime Aneiros Pereira

D^a Yolanda Aguiar Castro

D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e cinco minutos do día vinte e sete de decembro de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitútese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1031).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbbase a acta da sesión da sesión ordinaria do 20 de decembro de 2024. Deberá incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(1032).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E SOPORTE DO CENTRO DE PROCESO DE DATOS (CPD) DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 10469/113.

Visto o informe xurídico do 17/12/2024 e o informe de fiscalización do 19/12/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 02/12/2024, asinado polo técnico responsable de seguridade informática, o xefe do servizo de Administración

Electrónica e conformado pola concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 06/09/2024 o Técnico responsable de Seguridade Informática e o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciaron o expediente coa finalidade da contratación do servizo de mantemento e soporte do centro de proceso de datos (CPD) municipal.

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Técnico responsable de Seguridade Informática e o Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 06/09/2024 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.

- Memoria económica do contrato de data 09/10/2024, asinada polo Técnico responsable de Seguridade Informática e o Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda da mesma data.

- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 10/10/2024 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 29/11/2024 asinado polo Técnico responsable de Seguridade Informática e o Xefe do servizo de Administración Electrónica.

- Memoria xustificativa do contrato de data 29/11/2024, asinada polo Técnico responsable de Seguridade Informática e o Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.

- Informe da Xefa do Servizo de Contratación de data 29/11/2024, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 29/11/2024.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1808/1102

- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iníciase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada polo Decreto da Alcaldía de data 19 de xuño do 2023 de estrutura das áreas, que se completa coa Resolución da Alcaldía do 20 de xuño do 2023 de delegación de competencias e Acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023 de delegación de competencias. A concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal mediante resolución de data 06/09/2024 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 17 da LCSP, tramítase como un contrato de servizos.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexerán o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 131 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa,

incorporarase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e ordinario coa finalidade de realizar a contratación do servizo de mantemento e soporte do centro de proceso de datos (CPD) do Concello de Vigo, no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Técnico responsable de Seguridade Informática e o Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 06/09/2024 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.
- Memoria económica do contrato de data 09/10/2024, asinada polo Técnico responsable de Seguridade Informática e o Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda da mesma data.
- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 10/10/2024 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 29/11/2024 asinado polo Técnico responsable de Seguridade Informática e o Xefe do servizo de Administración Electrónica.
- Memoria xustificativa do contrato de data 29/11/2024, asinada polo Técnico responsable de Seguridade Informática e o Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.
- Informe da Xefa do Servizo de Contratación de data 29/11/2024, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 29/11/2024.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1808/1102

SEGUNDO.- Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente o gasto de **290.400,00 €**, que inclúe un I.V.E. de **50.400,00 €**, dende o 1 de marzo de 2025, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVE	TOTAL
2025	Mantemento do CPD	9207.2279903	60.000,00 €	12.600,00 €	72.600,00 €
2026	Mantemento do CPD	9207.2279903	60.000,00 €	12.600,00 €	72.600,00 €
2027	Mantemento do CPD	9207.2279903	60.000,00 €	12.600,00 €	72.600,00 €
2028	Mantemento do CPD	9207.2279903	60.000,00 €	12.600,00 €	72.600,00 €

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1033).- RENUNCIA AOS POSTOS BP02 E BP04 DO MERCADO DA PRAZA DE ABASTOS DO PROGRESO. EXPTE. 10658/106.

Visto o informe xurídico do 18/12/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 13/12/2024, asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Servizos Xerais, e conformado pola concelleira-delegada de Comercio e o concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

- 1.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión do 14.09.2009, acordou outorgar a Dna. María Dolores Oya Amoedo, NIF ***3715>> a concesión de dominio sobor do posto denominado BP02 (B45) e BP04 (BP46), bancada de peixe do Mercado do Progreso.
- 2.- Con data de entrada no Rexistro xeral do Concello de Vigo 12.09.2024, doc. 240276305, María Dolores Oya Amoedo NIF ***3715>>, solicita a renuncia aos postos BP02 e BP04 da bancada de peixe do Mercado do Progreso tras a súa xubilación aprobada polo Instituto Nacional da Seguridade Social con data 31 de outubro de 2024.
3. Con data 03.12.2024 o tesoureiro municipal emite informe indicando que Dna. María Dolores Oya Amoedo non ten débedas pendentes de pagamento na vía de constrinximento con este concello.

4.- Con data 05.12.2024 a Asociación de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso presenta escrito no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, doc. 240382630 indicando que a concesionaria do posto BP02 e BP04, Dna. María Dolores Oya Amoedo, se encontra ao corrente das súas obrigacións económicas e non ten débedas pendentes con esta entidade.

5.- Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 19.06.2015, adxudícase á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso o procedemento aberto para a contratación da xestión indirecta do Mercado do Progreso. Dito contrato formalízase en data 30 de xuño de 2015, dando comezo o 1 de xullo de 2015.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real decreto de 24 de xullo de 1889 polo que se publica o Código Civil.
- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP), de conformidade coa disposición transitoria primeira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, na que se dispón que os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente lei rexeranse, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior.
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto-lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local. (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación en procedemento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no "*Mercado Municipal do Progreso*" mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmovible. (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas para a contratación en procedemento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no "*Mercado Municipal do Progreso*" mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmovible. (PPT).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Segundo se establece no artigo 6.2 do Real decreto de 24 de xullo de 1889 polo que se publica o Código Civil, a exclusión voluntaria da lei aplicable e a renuncia aos dereitos nela recoñecidos soamente serán válidas cando non contraríen o interés ou a orde pública nin prexudiquen a terceiros.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1808/1102

Segundo se establece na cláusula 4 dos pregos de cláusulas administrativas e no artigo 6 dos pregos de prescricións técnicas aprobados polo acordo da Xunta de Goberno Local de data 07.02.2014 , para a contratación en procedemento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no “*Mercado Municipal do Progreso*” mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmovible, o adxudicatario (Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso) obtén unha concesión de dominio sobor dos postos que resulten vacantes tanto por resultar sobrantes coma resultado da execución das obras en curso coma por abandono ou remate das concesións outorgadas sobor destes.

No presente suposto, a renuncia presentada á concesión de dominio sobre os postos BP02 (B45) e BP04 (B46) na bancada de peixe no Mercado do Progreso, non contraría en ningún caso o interese público nin prexudican a terceiros polo que, procede a súa aceptación.

A renuncia, de acordo coas condicións coas que foi outorgada a concesión de dominio no seu día, non da lugar a indemnización ou reembolso ningún.

Polo anteriormente exposto, a Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso, obtén a concesión de dominio sobor dos postos BP02 (B45) e BP04 (B46), ata a data 30 de setembro de 2049, data de remate da concesión de conformidade cos pregos de cláusulas administrativas e os pregos de prescricións técnicas aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 07.02.2014.

COMPETENCIA

A competencia para a resolución do presente expediente, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, órgano que outorgou a concesión de dominio.

En mérito ao que antecede, **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

“PRIMEIRO.- Declarar a extinción da concesión de dominio público do posto da bancada de peixe BP02 (anteriormente B45) e BP04 (anteriormente B46) adxudicado a María Dolores Oya Amoedo, NIF ***3715>>, outorgada por un prazo de 40 anos a contar dende o día 01 de outubro de 2009, por xubilación desta.

SEGUNDO.- Declarar vacante o posto BP02 e BP04 da bancada de peixe e, en consecuencia, outorgar a concesión de dominio sobor do posto de referencia á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso ata a data 30 de setembro de 2049, data de remate da concesión.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos interesados a María Dolores Oya Amoedo e á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso, advertíndolle que contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da presente.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1034).- REAXUSTE DE ANUALIDADES DO CONTRATO DE “SERVIZOS DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO”. EXPTE. 19756/77.

Visto o informe de fiscalización do 18/12/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 16/12/2024, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, (RGLCAP), en todo o que non se opoña a LCSP.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

ANTECEDENTES

I. O Servizo de Desenvolvemento local e Emprego ten encomendada a posta en marcha de diversos programas de inserción laboral e de promoción do emprego, polo que este servizo debe velar pola impartición e xestión de formación específica dirixida ás persoas en situación de desemprego, beneficiarias dos programas xestionados polo servizo, e ás persoas traballadoras seleccionadas dentro do Plan Municipal de Emprego ou ao abeiro das convocatorias das axudas á contratación de persoas perceptoras de RISGA e dos programas de emprego, todo coa finalidade de mellorar a súa ocupabilidade e inserción laboral, así como, a capacitación e o desenvolvemento profesional.

Co fin de dar cumprimento a esta encomenda, o Concello de Vigo, acordou mediante Xunta de Goberno Local de 1 de xuño de 2023 a tramitación dun contrato de servizos, por procedemento aberto para a contratación dos SERVICIOS DE FORMACIÓN DOS PROGRAMAS DE EMPREGO (19756-77).

O importe máximo deste contrato estableceuse de inicio en 92.888,00€ (46.444,00 € correspondentes ao ano 2023 e 46.444,00 € correspondentes ao ano 2024) financiado con cargo á aplicación orzamentaria 2410 2279913, repartido nun total de 12 lotes formativos:

- LOTE I: FORMACIÓN EN OBRAS DE REHABILITACIÓN OU REPARACIÓN



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1808/1102

- LOTE II: CURSO DE XESTIÓN DE EQUIPOS E ORGANIZACIÓN DO TRABALLO EN OBRAS DE CONSTRUCCIÓN
- LOTE III: CURSO DE SOLDADURA POR ARCO BAIXO GAS MIG, MAG E TIG.
- LOTE IV: CURSO DE PINTURA DECORATIVA EN CONSTRUCCIÓN
- LOTE V: CURSO DE NOVOS TRATAMENTOS PARA A MADEIRA: A TECNIFICACIÓN DA MADEIRA
- LOTE VI: CURSO DE FONTANERÍA: NOVOS MATERIAIS E TÉCNICAS (INSTALACIÓNS SOLARES ACS)
- LOTE VII: CURSO DE DESEÑO E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS DE ENERXÍA SOLAR FOTOVOLTAICA
- LOTE VIII: FORMACIÓN EN XARDINERÍA
- LOTE IX: TRATAMENTO DO MEDIO
- LOTE X: CURSO DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES
- LOTE XI: CURSO DE TRAMITACIÓN E ADMINISTRACIÓN DIXITAL
- LOTE XII: CURSO DE SENSIBILIZACIÓN AMBIENTAL

II. A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión de data 29 de decembro de 2023, adoptou o seguinte acordo en relación aos Lotes I “Formación en obras de rehabilitación ou reparación” e II “Curso de xestión de equipos e organización do traballo en obras de construción”:

“Declarar desertos os lotes I e II do procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación para o emprego (expediente 19756-77) porque o único licitador admitido, SARARTE, S.L., non acreditou posuír os medios persoais esixidos no apartado 5.f das FEC do PCAP para ambos lotes, e no lote 1 tampouco acreditou a solvencia técnica”.

III. A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión de data 29 de decembro de 2023, adoptou o seguinte acordo en relación aos Lotes VIII “Formación en xardinería”, IX “Tratamento do medio”, X “Curso de igualdade de oportunidades” e XI “Curso de tramitación e administración dixital”:

“Adxudicar os seguintes lotes do procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación para o emprego (expediente 19.756-77):

- a.a *O lote VIII a NORFORMACIÓN, S.L., por un prezo de 4.998,00 € (IVE exento), coas seguintes condicións:*
 - *Propón como porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP do 11,00 %.*
 - *Aporta unha experiencia acreditable do persoal docente na impartición de cursos ou módulos do catálogo da formación profesional para o emprego da familia profesional e, no seu caso, área profesional relacionada coa acción formativa a impartir, atendendo ao número de horas impartidas de máis de 1.000 horas.*

- a.b O lote IX a NORFORMACIÓN, S.L., por un prezo de 14.280,00 (IVE exento), coas seguintes condicións:
- Propón como porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP do 11,00 %.
 - Aporta unha experiencia acreditable do persoal docente na impartición de cursos ou módulos do catálogo da formación profesional para o emprego da familia profesional e, no seu caso, área profesional relacionada coa acción formativa a impartir, atendendo ao número de horas impartidas de 601 a 800 horas.
- a.c O lote X a NORFORMACIÓN, S.L., por un prezo de 9.000,00 (IVE exento), coas seguintes condicións:
- Propón como porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP do 22,50 %.
 - Aporta unha experiencia acreditable do persoal docente na impartición de cursos ou módulos do catálogo da formación profesional para o emprego da familia profesional e, no seu caso, área profesional relacionada coa acción formativa a impartir, atendendo ao número de horas impartidas de 601 a 800 horas.
- a.d O Lote XI a SARARTE, S.L., por un prezo de 12.000,00 (IVE exento), coas seguintes condicións:
- Propón como porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP do 28,10 %.
 - Aporta unha experiencia acreditable do persoal docente na impartición de cursos ou módulos do catálogo da formación profesional para o emprego da familia profesional e, no seu caso, área profesional relacionada coa acción formativa a impartir, atendendo ao número de horas impartidas de 401 a 600 horas.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

IV. A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión de data 8 de marzo de 2024, adoptou o seguinte acordo en relación aos Lotes III “Curso de soldadura por arco baixo gas MIG, MAG e TIG”, IV “Curso de pintura decorativa en construción”, V “Curso de novos tratamentos para a madeira: tecnificación da madeira”, VI “Curso de fontanería: novos materiais e técnicas (instalacións solares ACS)” e VII “Curso de deseño e mantemento de instalacións de enerxía solar fotovoltaica”:

“Declarar deserto o Lote V dado que a licitadora clasificada en segundo lugar non cumpriu adecuadamente o requirimento ao que se refire o artigo 150.2 da LCSP e non hai máis licitadores clasificados neste lote.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1808/1102

Adxudicar a *IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L.* o Lote III do procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación para o emprego (19756-77) coas seguintes condicións:

- a) *Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP: 5,14 %.*
- b) *Aporta unha experiencia acreditable do persoal docente na impartición de cursos ou módulos do catálogo da formación profesional para o emprego da familia profesional e, no seu caso, área profesional relacionada coa acción formativa a impartir, atendendo ao número de horas impartidas (marcar unha das seguintes opcións se é o caso) de máis de 1.000 horas.*

Adxudicar a *FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.* os Lotes IV, VI e VII do procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación para o emprego (19756-77) coas seguintes condicións:

- LOTE IV

- c) *Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP: 5,00 %.*

- LOTE VI

- a) *Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP: 5,00 %.*

- LOTE VII

- a) *Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP: 5,00 %.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

V. A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión de data 12 de abril de 2024, adoptou o seguinte acordo en relación ao Lote XII "Curso de sensibilización ambiental":

*"Adxudicar a **NORMFORMACIÓN, S.L.** o LOTE XII do procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación para o emprego (19756-77) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total do contrato é de 9.000,00 euros (IVE exento).*
- b) *Propón como porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP para o LOTE 12: 22,50 %*
- c) *Aporta unha experiencia acreditable do persoal docente na impartición de cursos ou módulos do catálogo da formación profesional para o emprego da familia profesional e, no seu caso, área profesional relacionada coa acción formativa a impartir, atendendo ao número de horas impartidas (marcar unha das seguintes opcións se é o caso): De 201 a 400 horas.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

VI. O inicio da edición do Plan Municipal de Emprego “VIGO EMPREGA 2024” estaba previsto para o día 2 de setembro de 2023, non obstante, finalmente tivo como data de comezo o día 26 de novembro de 2023. Este atraso no inicio do programa “VIGO EMPREGA 2024”, o cal vai intrinsecamente ligado a execución das accións formativas recollidas neste contrato, xunto coa complexidade do proceso de licitación do mesmo, supuxo que o inicio de execución dos contratos dos lotes formativos comezaran todos no ano 2024, en concreto, nas datas que se indican a continuación:

LOTE		DATA INICIO DO CONTRATO	IMPORTE ADXUDICACIÓN	CRÉDITO CONSUMIDO 2024	CRÉDITO DISPOÑIBLE
Lote I	FORMACIÓN EN OBRAS DE REHABILITACIÓN OU REPARACIÓN	DESERTO	-	-	-
Lote II	CURSO DE XESTIÓN DE EQUIPOS E ORGANIZACIÓN DO TRABALLO EN OBRAS DE CONSTRUCCIÓN	DESERTO	-	-	-
Lote III	CURSO DE SOLDADURA POR ARCO BAIXO GAS MIG, MAG E TIG	11/04/2024	6.720,00 €	6.547,41 €	172,59 €
Lote IV	CURSO DE PINTURA DECORATIVA EN CONSTRUCCIÓN	12/04/2024	4.410,00 €	2.196,69 €	2.213,31 €
Lote V	CURSO DE NOVOS TRATAMENTOS PARA A MADEIRA: A TECNIFICACIÓN DA MADEIRA	DESERTO	-	-	-
Lote VI	CURSO DE FONTANERÍA: NOVOS MATERIAIS E TÉCNICAS (INSTALACIÓNS SOLARES ACS)	12/04/2024	2.940,00 €	2.866,50 €	73,50 €
Lote VII	CURSO DE DESEÑO E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS DE ENERXÍA SOLAR FOTOVOLTAICA	12/04/2024	3.920,00 €	2.253,02 €	1.666,98 €



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1808/1102

LOTE		DATA INICIO DO CONTRATO	IMPORTE ADXUDICACIÓN	CRÉDITO CONSUMIDO 2024	CRÉDITO DISPOÑIBL E
Lote VIII	FORMACIÓN EN XARDINERÍA	09/02/2024	4.998,00 €	2.330,02 €	2.667,98 €
Lote IX	TRATAMENTO DO MEDIO	09/02/2024	14.280,00 €	4.834,48 €	9.445,52 €
Lote X	CURSO DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES	09/02/2024	9.000,00 €	3.952,50 €	5.047,50 €
Lote XI	CURSO DE TRAMITACIÓN E ADMINISTRACIÓN DIXITAL	06/02/2024	12.000,00 €	4.141,44 €	7.858,56 €
Lote XII	CURSO DE SENSIBILIZACIÓN AMBIENTAL	10/05/2024	9.000,00 €	2.883,00 €	1.617,00 € *
Total			67.268,00 €	32.005,06 €	30.762,94 €

* Consta no expediente 19756-77 AD FUT (Nº de doc. 12024000099133) de data 30/05/2024 con reserva de crédito para o Lote XII con importe de 4.500,00 € para o ano 2025, que sumados aos 1.617,94 € que se solicitan incrementar, sumarían un crédito total de **6.117,00 €** para o Lote XII con cargo ao ano 2025.

VII. A día de hoxe, quedan edicións dos lotes formativos por executar, e ante a previsión de que gran parte deles sexan impartidas no marco dos programas de emprego do Concello de Vigo no ano 2025 de acordo á planificación da formación do Plan Municipal de Emprego 2024 acordada cas entidades de formación adxudicatarias, propónse a presente aprobación do axuste de anualidades do crédito para axustar ás necesidades reais.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Axuste de anualidades:

En virtude do artigo 96 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, procede axustar as anualidades establecidas no exp. 19756/77 ás necesidades reais.

II. Órgano competente:

A competencia para aprobar o presente acordo correspóndelle á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto no apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP.

De acordo cos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expostos e previo o informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA:

Primeiro.- Aprobar o axuste de anualidades do crédito quedando o contrato de acordo coa seguinte distribución de anualidades:

Lote		ANUALIDADE 2024	ANUALIDADE 2025
Lote I	FORMACIÓN EN OBRAS DE REHABILITACIÓN OU REPARACIÓN	-	-
Lote II	CURSO DE XESTIÓN DE EQUIPOS E ORGANIZACIÓN DO TRABALLO EN OBRAS DE CONSTRUCCIÓN	-	-
Lote III	CURSO DE SOLDADURA POR ARCO BAIXO GAS MIG, MAG E TIG	6.547,41 €	172,59 €
Lote IV	CURSO DE PINTURA DECORATIVA EN CONSTRUCCIÓN	2.196,69 €	2.213,31 €
Lote V	CURSO DE NOVOS TRATAMENTOS PARA A MADEIRA: A TECNIFICACIÓN DA MADEIRA	-	-
Lote VI	CURSO DE FONTANERÍA: NOVOS MATERIAIS E TÉCNICAS (INSTALACIÓNS SOLARES ACS)	2.866,50 €	73,50 €
Lote VII	CURSO DE DESEÑO E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS DE ENERXÍA SOLAR FOTOVOLTAICA	2.253,02 €	1.666,98 €
Lote VIII	FORMACIÓN EN XARDINERÍA	2.330,02 €	2.667,98 €
Lote IX	TRATAMENTO DO MEDIO	4.834,48 €	9.445,52 €
Lote X	CURSO DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES	3.952,50 €	5.047,50 €



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1808/1102

Lote		ANUALIDADE 2024	ANUALIDADE 2025
Lote XI	CURSO DE TRAMITACIÓN E ADMINISTRACIÓN DIXITAL	4.141,44 €	7.858,56 €
Lote XII	CURSO DE SENSIBILIZACIÓN AMBIENTAL	2.883,00 €	1.617,00 €
Total modificadas anualidades		32.005,06 €	30.762,94 €

Segundo.- Minorar en **30.762,94 €** o crédito disposto do gasto da anualidade correspondente para o ano 2024, quedando a anualidade do 2024 cun crédito de 32.005,06 €.

Incrementar en **30.762,94 €** o crédito disposto do gasto da anualidade correspondente para o ano 2025.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ás entidades adxudicatarias interesadas.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1035).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE URBASER, S.A.U. POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA NA CASA CONSISTORIAL E OUTRAS DEPENDENCIAS DO CONCELLO. EXPTE. 8852/252.

Visto o informe xurídico do 17/12/2024 e o informe de fiscalización do 19/12/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 17/12/2024, asinado polo xefa do servizo de Limpeza e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. O Concello de Vigo ven prestando o Servizo de limpeza da Casa Consistorial e outras dependencias do Concello a través dun contrato de servizos coa empresa “URBASER S.A.”, adxudicado pola Xunta de Goberno Local o 06/09/2019 por un prezo de 8.403.831,10 € (IVE incl.), e un prezo/hora para a categoría de limpador/a de 16,71 euros o primeiro ano, 16,90 euros o segundo, 17,09 euros o terceiro e 17,28 euros o cuarto (todas con ive incluído) (Exp. Nº 81/441). O contrato foi formalizado en documento administrativo asinado entre as partes e autorizado pola Secretaria do Goberno Local o 11/10/2019.

II. O prazo inicial deste contrato era de catro (4) anos, comezando a prestación do servizo o 01.11.2019, podendo ser obxecto de unha (1) prórroga de un (1) ano mediante acordo expreso do órgano de contratación.

III. En data 17 de xullo do 2023 o 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro-delegada da Área de goberno de Fomento e servizos resolveu tramitar a prórroga prevista no contrato. O expediente que se tramitou para a prórroga é o 8450/252, que concluíu co acordo da prórroga por un ano adoptado polo órgano de contratación do concello de Vigo na sesión ordinaria de 08 de setembro de 2023. En tal sentido a data de fin de contrato despois da prórroga foi o día 31 de outubro do 2024.

IV. En data 11/10/2022 o Concelleiro Delegado do área de fomento e servizos decretou o inicio do procedemento para a contratación do servizo de limpeza das dependencias municipais e outras instalacións do Concello de Vigo (Exp. Nº 8173/252). Este expediente debía concluír coa adxudicación do contrato e o inicio da prestación o día 1 de novembro do 2024. Realizáronse as oportunas consultas aos distintos departamentos municipais responsables da xestión dos diferentes edificios e instalación que son obxecto do contrato, e unha vez realizada a análise económica e técnica dos requirimentos do contrato, e concluídos os preceptivos informes dos departamentos implicados directamente na tramitación, en data 09/08/2024 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o expediente e publicar a licitación para a contratación dos servizos de limpeza das dependencias municipais e outras instalacións do concello de Vigo.

VI. Na tramitación do Expediente de contratación, aínda que o Concello de Vigo mantivo a necesaria dilixencia no cumprimento dos prazos, resultou finalmente que a data de publicación do anuncio de licitación foi oito días posterior á data indicada no parágrafo quinto do artigo 29.4 LCSP. Este artigo dispón que cando ao vencemento dun contrato non se tivera formalizado o novo contrato que garanta a continuidade da prestación a realizar polo contratista, como consecuencia de incidencias resultantes de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación producidas no procedemento de adxudicación, existindo razóns de interese público para non interromper a prestación, poderase prorrogar o contrato orixinario ata que comence a execución do novo contrato pero, en todo caso, por un período máximo de 9 meses, sen modificar as restantes condicións do contrato, sempre que o anuncio de licitación do novo contrato se tivera publicado cunha antelación mínima de 3 meses respecto da data de finalización do contrato orixinario. Neste caso que nos ocupa, o anuncio publicouse dous meses e vinte días antes da data de finalización polo que non é aplicable o referido artigo que preceptúa tres meses para este prazo. Ao incumprir o prazo non foi posible a prórroga dos nove meses adicionais indicada no parágrafo quinto do artigo 29.4 LCSP.

VI. En data 02/09/2024 formulouse o primeiro recurso especial en materia de contratación contra o prego de prescricións técnicas particulares formulado pola Secretaria Nacional da federación de servizos da Confederación Intersindical Galega (recurso 129/2024), e en data 03/09/2024 a mesma sección sindical formulou un segundo recurso (recurso 132/2024). Ambos recursos foron resoltos favorablemente ao Concello de Vigo (resolución 137/2024 de data 19/09/2024, e resolución 141/2024 de data 25/09/2024), pero provocaron unha demora na tramitación do novo contrato que tivo como consecuencia que a data de adxudicación fose o día 18/10/2024 por acordo da Xunta de Goberno Local. Aínda que a data de adxudicación foi anterior ao fin do contrato, non se produciu o efectivo inicio da prestación o día 1 de novembro dado que debía cumprirse o prazo legal de 15 días para o recurso especial nos contratos de regulación harmonizada.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1808/1102

VII. En data 18/10/2024 a Xunta de Goberno Local acordou adxudicar o contrato á empresa ONET IBERIA SOLUCIONES por importe de 9.778.103,34 € para a parte fixa e 270.882,70 € para a parte variable. Esta data de adxudicación foi anterior á data de finalización do contrato, pero o cumprimento dos prazos legais para o recurso especial en materia de contratación, fixo que non se iniciase a prestación na data prevista.

VIII. Con posterioridade e dentro do prazo legal dos 15 días tras a adxudicación, interpuxéronse dous recursos especiais en materia de contratación, o que provocou a suspensión automática do procedemento por efecto do artigo 53 LCSP e demorou aínda máis o inicio da nova prestación. En datas 12/11/2024 e 13/11/2024 recibíronse dous recursos especiais en materia de contratación, Recurso 172/2024 e Recurso 174/2024, que paralizaron o procedemento, ata que en datas 04/12/2024 e 11/12/2024 o TACGAL resolveu ambos en favor do Concello de Vigo (resolución 182/2024 e Resolución 186/2024), procedendo a levantar a suspensión automática polo que nesta data se continúa cos trámites da nova adxudicación.

IX. O atraso producido pola presentación de todos os recursos referidos e a suspensión do procedemento ata a súa resolución, non permitiu iniciar a prestación do novo contrato na data prevista (01.11.2024) polo que desde a Concellería de Fomento e Servizos propúxose a “URBASER, S.A.” o mantemento da prestación deste servizo esencial durante o período de tempo imprescindible que medie entre o remate do contrato orixinario e o inicio da execución do novo que o substitúa. A empresa manifestou que estaba disposta a garantir a continuidade do servizo ata o inicio da nova prestación, sempre que se lle aboase o mesmo prezo que viña percibido na prórroga.

X. Procede indicar que o prezo de licitación para os meses de novembro e decembro do 2024 é de 415.099,61€ iva engadido (207.549,805€ para o mes de novembro e 207.549,805€ para o mes de decembro). O prezo de adxudicación á empresa ONET foi de 10.048.986,04€ iva engadido para todo o contrato resultante da súa oferta, que para os dous meses do ano 2024 (novembro e decembro) establece un importe de 392.216,62€ iva engadido (196.108,31€ para o mes de novembro e 196.108,31€ para o mes de decembro do 2024). O prezo do contrato anterior no ano de prórroga (Exp.: 8450/252) establecía un prezo anual de 2.133.722,34€ iva engadido (2.079.830,43€ para a parte fixa e 53.891,91€ para a parte variable), do que resulta un importe mensual de 177.810,195€ (173.319,20€ para a parte fixa e 4.490,99€ para a parte variable), que é claramente inferior tanto ao da licitación (207.549,805€/mes) como ao da adxudicación (196.108,31€/mes) no ano 2024.

XI. O período de realización do gasto sen cobertura contractual comenzo o 1 de novembro de 2024 e prolongarase previsiblemente ata o día 31 de decembro deste ano.

O día 15/12/2024 URBASER, S.A.U. presentou unha factura ao cobro correspondente ao período que vai dende o 1/11/2024 ao 15/12/2024:

- Factura 1002738V2400022, de 15/12/2024 por **importe de 259.978,81€**, desagregado do seguinte xeito:

- prestación do servizo no mes de novembro do 2024:
143.239,01€ (base) + 30.080,19€ (iva 21%) = 173.319,20€

- prestación do servizo do día 1 ao 15 de decembro do 2024:
 $(143.239,01 / 2) = 71.619,51\text{€ (base)} + 15.040,10 \text{ (ive 21\%)} = 86.659,61\text{€}$

Total = 259.978,81€

Esta factura aplica o mesmo prezo da prórroga aprobada para o contrato extinto (Exp.: 8450/252) vixente durante o ano 2024 ata o 31 de outubro, que son 143.239,01€/mes máis ive para a parte fixa do contrato. Non factura ningún importe na parte variable dado que no se realizaron traballos baixo demanda nese período.

Este prezo é un prezo de mercado e inferior tanto ao da licitación como á da adxudicación do novo contrato.

O importe total desta factura é de 259.978,81€, ao que se da conformidade, existindo crédito suficiente na aplicación orzamentaria nº 9200,,2270000 “LIMPEZA INSTALACIÓNS, P. SERVICIOS MUNICIPAIS”, sen que afecte ás necesidades de gasto a imputar a esa aplicación durante o presente exercicio.

PROPOSTA

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, unha vez emitidos os correspondentes informes xurídicos e de fiscalización, a adopción do seguinte ACORDO:

«Aprobar o aboamento, mediante indemnización substitutiva, de 259.978,81€ a favor de “URBASER, S.A.U.” pola prestación do Servizo de limpeza na Casa Consistorial e outras dependencias do Concello no período 01/11/2024 ao 15/12/2024 con cargo á aplicación orzamentaria nº 9200,,2270000 “LIMPEZA INSTALACIÓNS, P. SERVICIOS MUNICIPAIS”, correspondente á seguinte factura:

- Factura 1002738V2400022, de 15/12/2024 por **importe de 259.978,81€**.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1036).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE FROITA PARA A FAUNA DE VIGONATURE . EXPTE. 12637/612.

Visto o informe xurídico do 18/12/2024 e o informe de fiscalización do 19/12/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 09/12/2024, asinado polo director de Réxime Interior e conformado pola concelleira-delegada de Medio Ambiente, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1808/1102

Debido a necesidade de contratación do subministro de froita en VigoNature pertencente á Concellería de Medio Ambiente e nunha previsión de maior axilización na tramitación e maior control e xestión das contratacións, así como tratarse dun subministro de tracto sucesivo, se estima a posibilidade de iniciación dun procedemento de licitación para dito servizo.

Polo tanto, neste proceso licitatorio se seguirán os criterios establecidos pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante, LCSP) no que se pretende cubrir as necesidades deste servizo para garantir o bo funcionamento do mesmo.

En cumprimento do art. 28 da LCSP, o requisito de facelo se xustifica en que para cubrir as necesidades derivadas do subministro de froita para a fauna nas instalacións de VigoNature. O contido do contrato supoñe cubrir as necesidades de subministro de froita para a fauna desta instalación.

Como consecuencia do anterior, con data de 9 de setembro de 2024, a terceira tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística, da orde de inicio para que por parte do servizo de VigoNature, se inicie o expediente para a contratación do subministro de froita para a fauna de VigoNature.

En vista do anterior dende este servizo, elabora a memoria xustificativa e prego de prescricións técnicas para dar traslado do expediente de referencia ao servizo de Patrimonio e Contratación para a elaboración do prego de cláusulas administrativas particulares.

No expediente de contratación consta a seguinte documentación:

1. Informe sobre a necesidade do contrato asinado polo Director de Réxime Interior de VigoZoo o 09/09/24 e pola terceira tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística coa mesma data.
2. Orde de inicio da terceira tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística na data 09/09/2024.
3. Memoria económica asinada polo Director de Réxime Interior o 4/12/2024 e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente na mesma data.
4. Memoria xustificativa dos aspectos esixidos pola lexislación de contratos asinada polo Veterinario de VigoZoo o 04/12/2024, o Director de Réxime Interior de VigoZoo e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente na mesma data.

5. Prego de prescricións técnicas particulares asinado polo Veterinario de VigoZoo o 04/12/2024.
6. Informe emitido pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa de Área de Contratación e novos proxectos o 05/12/24, sobre a comprobación documental do expediente.
7. Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa de Área de Contratación e novos proxectos o 05/12/24.

2.- Condicións definatorios do contrato:

a) Obxecto e cualificación xurídica do contrato

O obxecto do contrato consiste, segundo o apartado 2A da FEC, na contratación do o subministro de froitas e hortalizas para o consumo da fauna animal no parque medioambiental VigoNature de acordo coas previsións contidas no Plan de Nutrición Animal elaborado polo Veterinario

b) Forma de tramitación e procedemento de adxudicación

A forma de tramitación do expediente é a ordinaria e o procedemento de adxudicación o aberto simplificado abreviado, en aplicación do artigo 159 da LCSP, polo que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

c) Orzamento e base de licitación

Sínálase o orzamento base de licitación (9.113,20 €), o importe do IVE a soportar pola Administración (350,50 €) e o valor estimado (17.525,40 €). A execución do contrato abrangue dúas anualidades.

- VIGOZOO (337.1. 221.05.02)

Importe

2025	8.938,43 €
2026	174,77 €

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria indicada no parágrafo anterior.

Este contrato non suporá desequilibrio orzamentario xa que o gasto contemplado no presente orzamento é superior ao previsto nesta contratación e non afectará á



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1808/1102

sustentabilidade financeira do Concello. Por outra banda, este gasto é recorrente dentro das previsións de gasto deste servizo nos derradeiros anos.

d) Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato

En cumprimento do art. 28 da LCSP, velarase pola eficiencia e o mantemento dos termos acordados na execución dos procesos de contratación pública, se favorecerá a axilización de trámites, se valorarán a innovación e a incorporación de alta tecnoloxía como aspectos positivos no procedemento de contratación e se promoverá a participación da pequena e mediana empresa e o acceso sen custo á información, nos termos previstos na LCSP.

Este subministro nas instalacións da Concellería de Medio Ambiente poden encadrarse na necesidade de satisfacer por parte da Administración o desenvolvemento das actividades municipais para promover a cultura e a ocupación do tempo libre nos locais en que se desenvolven actividades municipais.

e) Prazo de execución e prórrogas

O prazo de execución é de 1 ano cunha prórroga dun ano de duración en cumprimento do previsto no artigo 29 da LCSP.

f) Réxime de pagamentos

O pagamento dos servizos do contrato efectuarase, logo de que o contratista presente as correspondentes facturas, con carácter mensual, e serán conformadas polo responsable do contrato. O importe total de cada factura será a cantidade subministrada o mes anterior.

As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

g) Clasificación / Solvencia

Non procede.

h) Responsable do contrato

O responsable do Contrato será o Veterinario VigoZoo.

i) Seguro

Exixise a constitución dunha póliza de responsabilidade civil dun importe mínimo de 100.000,00 € durante o prazo contractual.

O contratista deberán achegar o certificado da compañía aseguradora legalmente autorizada sobre a vixencia das pólizas dos seguros antes citados, onde tamén se faga constar que as pólizas incluírán a actividade da empresa licitadora no centro obxecto do contrato, no caso de ser adxudicataria.

3.- Criterios de adxudicación e ponderación

Na memoria xustificativa para a contratación deste servizo asinada polo Director de Réxime Interior de VigoZoo de data 04/12/2024 e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable na mesma data, explícanse e motivan os criterios elixidos e a súa vinculación co obxecto do contrato.

No apartado 6 das FEC prevese a valoración dos criterios:

A) Criterios avaliados mediante xuízo de valor:

Porcentaxe de desconto única a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I (FEC) do PCAP.

Para a valoración deste criterio, as ofertas ordenaranse de maior a menor porcentaxe de baixa, resultando adxudicatario o que oferte a maior porcentaxe de baixa.

4.- Revisión de prezos:

Non procede xa que se estima por parte deste servizo xestor que os prezos actuais manteranse sen grandes modificacións nos próximos anos.

PROPOSTA:

Por todo o exposto anteriormente propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente de acordo co previsto na disposición adicional 2ª.4 da LCSP, previa incorporación pola Intervención Xeral do documento contable referido á existencia de crédito para o financiamento do servizo, que adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto abreviado e tramitación ordinaria do subministro de froita para a fauna de VigoNature (exp.12637-612)



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1808/1102

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas que rexerá a contratación, redactado polo Veterinario de VigoZoo con data 04/12/24 e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa de Área de Contratación e novos proxectos con data 05/12/24.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 9.113,20 €, sendo o importe correspondente ao IVE a soportar pola Administración (350,50 €). O financiamento do contrato de subministro será a cargo da partida 3371.221.05.02 “ Froita animais”.

CUARTO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1037).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE PENSOS E DEMAIS FORRAXES PARA A FAUNA DE VIGONATURE. EXPTE. 12638/612.

Visto o informe xurídico do 18/12/2024 e o informe de fiscalización do 20/12/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 09/12/2024, asinado polo director de Réxime Interior e conformado pola concelleira-delegada de Medio Ambiente, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

Debido a necesidade de contratación do subministro de pensos e demais forraxes en VigoNature pertencente á Concellería de Medio Ambiente e nunha previsión de maior axilización na tramitación e maior control e xestión das contratacións, así como tratarse dun subministro de tracto sucesivo, se estima a posibilidade de iniciación dun procedemento de licitación para dito servizo.

Polo tanto, neste proceso licitatorio se seguirán os criterios establecidos pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante, LCSP) no que se pretende cubrir as necesidades deste servizo para garantir o bo funcionamento do mesmo.

En cumprimento do art. 28 da LCSP, o requisito de facelo se xustifica en que para cubrir as necesidades derivadas do subministro de pensos e demais forraxes para a fauna nas instalacións de VigoNature. O contido do contrato supoñe cubrir as necesidades de subministro de pensos e demais forraxes para a fauna desta instalación.

Como consecuencia do anterior, con data de 9 de setembro de 2024, a terceira tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística, da orde de inicio para que por parte do servizo de VigoNature, se inicie o expediente para a contratación do subministro de froita para a fauna de VigoNature.

En vista do anterior dende este servizo, elabora a memoria xustificativa e prego de prescricións técnicas para dar traslado do expediente de referencia ao servizo de Patrimonio e Contratación para a elaboración do prego de cláusulas administrativas particulares.

No expediente de contratación consta a seguinte documentación:

1. Informe sobre a necesidade do contrato asinado polo Director de Réxime Interior de VigoZoo o 09/09/24 e pola terceira tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística o 10/09/2024.
2. Orde de inicio da terceira tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística na data 10/09/2024.
3. Memoria económica asinada polo Director de Réxime Interior o 4/12/2024 e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente na mesma data.
4. Memoria xustificativa dos aspectos esixidos pola lexislación de contratos asinada polo Veterinario de VigoZoo o 04/12/2024, o Director de Réxime Interior de VigoZoo e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente na mesma data.
5. Prego de prescricións técnicas particulares asinado polo Veterinario de VigoZoo o 04/12/2024.
6. Informe emitido pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa de Área de Contratación e novos proxectos o 05/12/24, sobre a comprobación documental do expediente.
7. Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa de Área de Contratación e novos proxectos o 05/12/24.

2.- Condicións definitorias do contrato:

a) Obxecto e cualificación xurídica do contrato

O obxecto do contrato consiste, segundo o apartado 2A da FEC, na contratación do subministro de pensos e demais forraxes para o consumo da fauna animal no parque medioambiental VigoNature de acordo coas previsións contidas no Plan de Nutrición Animal elaborado polo Veterinario.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1808/1102

b) Forma de tramitación e procedemento de adxudicación

A forma de tramitación do expediente é a ordinaria e o procedemento de adxudicación o aberto simplificado abreviado, en aplicación do artigo 159 da LCSP, polo que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

c) Orzamento e base de licitación

Sínálase o orzamento base de licitación (13.484,10 €), o importe do IVE a soportar pola Administración (1.096,64 €) e o valor estimado (24.774,92 €). A execución do contrato abrangue dúas anualidades.

- VIGOZOO (337.1. 221.05.00)

Importe

2025	13.225,50 €
2026	258,60 €

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria indicada no parágrafo anterior.

Este contrato non suporá desequilibrio orzamentario xa que o gasto contemplado no presente orzamento é superior ao previsto nesta contratación e non afectará á sustentabilidade financeira do Concello. Por outra banda, este gasto é recorrente dentro das previsións de gasto deste servizo nos derradeiros anos.

d) Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato

En cumprimento do art. 28 da LCSP, velarase pola eficiencia e o mantemento dos términos acordados na execución dos procesos de contratación pública, se favorecerá a axilización de trámites, se valorarán a innovación e a incorporación de alta tecnoloxía como aspectos positivos no procedemento de contratación e se promoverá a participación da pequena e mediana empresa e o acceso sen custo á información, nos términos previstos na LCSP.

Este subministro nas instalacións da Concellería de Medio Ambiente poden encadrarse na necesidade de satisfacer por parte da Administración o desenvolvemento das actividades municipais para promover a cultura e a ocupación do tempo libre nos locais en que se desenvolven actividades municipais.

e) Prazo de execución e prórrogas

O prazo de execución é de 1 ano cunha prórroga dun ano de duración en cumprimento do previsto no artigo 29 da LCSP.

f) Réxime de pagamentos

O pagamento dos servizos do contrato efectuarase, logo de que o contratista presente as correspondentes facturas, con carácter mensual, e serán conformadas polo responsable do contrato. O importe total de cada factura será a cantidade subministrada o mes anterior.

As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

g) Clasificación / Solvencia

Non procede.

h) Responsable do contrato

O responsable do Contrato será o Veterinario VigoZoo.

i) Seguro

Exixise a constitución dunha póliza de responsabilidade civil dun importe mínimo de 100.000,00 € durante o prazo contractual.

O contratista deberán achegar o certificado da compañía aseguradora legalmente autorizada sobre a vixencia das pólizas dos seguros antes citados, onde tamén se faga constar que as pólizas incluírán a actividade da empresa licitadora no centro obxecto do contrato, no caso de ser adxudicataria.

3.- Criterios de adxudicación e ponderación

Na memoria xustificativa para a contratación deste servizo asinada polo Director de Réxime Interior de VigoZoo de data 04/12/2024 e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable na mesma data, explícanse e motivan os criterios elixidos e a súa vinculación co obxecto do contrato.

No apartado 6 das FEC prevese a valoración dos criterios:

A) Criterios avaliados mediante xuízo de valor:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1808/1102

Porcentaxe de desconto única a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I (FEC) do PCAP.

Para a valoración deste criterio, as ofertas ordenaranse de maior a menor porcentaxe de baixa, resultando adxudicatario o que oferte a maior porcentaxe de baixa.

4.- Revisión de prezos:

Non procede xa que se estima por parte deste servizo xestor que os prezos actuais manteranse sen grandes modificacións nos próximos anos.

PROPOSTA:

Por todo o exposto anteriormente proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente de acordo co previsto na disposición adicional 2ª.4 da LCSP, previa incorporación pola Intervención Xeral do documento contable referido á existencia de crédito para o financiamento do servizo, que adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto abreviada e tramitación ordinaria do subministro de pensos e demais forraxes para a fauna de VigoNature (exp.12638-612)

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas que rexerá a contratación, redactado polo Veterinario de VigoZoo con data 04/12/24 e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa de Área de Contratación e novos proxectos con data 05/12/24.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 13.484.10 €, sendo o importe correspondente ao IVE a soportar pola Administración (1.096,64 €). O financiamento do contrato de subministro será a cargo da partida 3371.221.05.00 “ Penso animais”.

CUARTO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1038).- RESOLUCIÓN DE RECURSOS CONTRA AS BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE PROCESOS SELECTIVOS PARA A

COBERTURA DE PRAZAS VACANTES INCLUÍDAS NAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO DOS ANOS 2020, 2021 E 2022 (2ª FASE DA CONVOCATORIA). EXPTE. 44949/220.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 18/12/2024, asinado polo técnico de administración xeral e conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, a concelleira-delegada e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 23/08/2024, aprobáronse a convocatoria e as bases específicas dos procesos selectivos destinados á execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo correspondentes ao anos 2020, 2021 e 2022 (2ª fase) integrada polas prazas seguintes:

- sarxenta/o SPEIS
- cabo SPEIS
- administrativos de Administración Xeral
- auxiliares de Administración Xeral
- técnicos de Administración Xeral
- oficial coidador, mantemento, vixilancia e control vigozoo
- oficiais de oficios
- axudante de oficios
- diplomado/a traballo social
- técnico/a de xestión
- subalerno/a
- operario/a peón
- alguacil notificador/a”

Dito acordo foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 179 de data 13/09/2024 e posteriormente no Diario Oficial de Galicia de data 13/11/2024.

II-Contra este acordo constan presentados os seguintes recursos de reposición en prazo:

1. A. GARCÍA ROCA – 17/09/2024
- 2- D.MARCOS LORENZO – 17/09/2024
3. L. GONZÁLEZ LAGO – 25/09/2024
4. T. BOUZÓN VILA – 29/09/2024
5. E. VÁZQUEZ OTERO – 02/10/2024
6. R. SOLER VIDAL – 07/10/2024
7. Y. ALONSO SOUTO – 07/10/2024
- 8 B. MARTÍNEZ SOUTO – 23/09/2024
9. J. L.CASTRO GONZÁLEZ – 24/09/2024
10. N. SEGUÍN FERNÁNDEZ – 26/09/2024
- 11 N. REINALDO LOPEZ – 04/10/2024
12. E. MARTÍNEZ RAMOS, EN REPRESENTACIÓN SINDICAL DE CUT – 10/10/2024
13. COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL E ASISTENTES SOCIAIS DE GALICI– 10/10/2024



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1808/1102

14. A. CAMIN VALLIN – 10/10/2024
15. FUNDACIÓN INTEGRAL – 11/10/2024
16. I. ALONSO REGUEIRO (SECRETARIA DA SECCIÓN SINDICAL CIG) –14/10/2024.
17. FEDERACIÓN ASPACE GALICIA – 14/10/2024.
18. B.DOMÍNGUEZ MONTENEGRO – 07/10/2024

-Consta igualmente unha aclaración do Servizo de Cemiterios sobre o tema 15 da parte específica do temario da praza de Oficial Sepultureiro.

-Documento presentado fóra do prazo establecido:

-B. ARGIBAY CUSI -23/10/2024.

III.- Con data 28/11/2024 rematáronse os traballos de apoio técnico na análise, valoración e posibles rectificacións procedentes á vista dos recursos presentados e da normativa de aplicación, segundo consta documentado no expediente 44128-220 (trámite 71).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN

O recurso potestativo de reposición aparece regulado actualmente nos artigos 123 e 124 da LPACAP.

Os recorrentes ostentan a condición de interesados (artigo 4 LPACAP).

O prazo para a súa interposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución recorrida é dun mes dende a súa notificación ou publicación, no caso de que o acto sexa expreso.

No presente caso, procede a tramitación dos recursos recollidos nos antecedentes ao terse presentado en forma e no prazo legalmente previsto, agás o presentado por con número de documento tal e como se motivará nos fundamentos da presente resolución.

Á súa vez, o artigo 115.2 da mesma Lei, dispón que o erro ou ausencia de calificación do recurso por parte do recorrente non será obstáculo para a súa tramitación, sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter.

II.- ANÁLISE DA FUNDAMENTACIÓN DOS RECURSOS PRESENTADOS

En primeiro lugar cómpre poñer de manifesto que, aqueles recursos que teñan un contido substancialmente idéntico entre eles, serán tratados nunha única contestación aos efectos de evitar reiteracións innecesarias.

Pasamos pois a analizar os distintos escritos presentados:

-Recurso presentado por A. GARCÍA ROCA – 17/09/2024

En síntese, solicita:

-Que se diferencien as partes xeral e específica do temario de cada convocatoria, establecendo claramente estas dúas seccións tanto no temario de subalterno/a como no de alguacil notificador/a.

Con respecto ao anterior, non é un requisito obrigatorio establecido por lei nin na normativa de aplicación, e no presente caso, á vista do escaso número de temas que forman o temario en relación con outras prazas nas que se fai esta diferenciación, e en coherencia co recollido en anteriores bases específicas de procesos selectivos do propio Concello de Vigo, considárase procedente para unha maior eficiencia a configuración do temario tal e como foi publicado.

- Que, de quedar sen cubrir algunha das prazas reservadas para persoas con diversidade funcional, estas sexan cubertas polas persoas aspirantes da quenda libre, seguindo a lista definitiva de aprobados.

O tema alegado está expresamente recollido na normativa de aplicación e non é algo que quede á discrecionalidade da administración convocante.

Neste senso, o Real Decreto 2271/2004, de 3 de decembro, por el que se regula el acceso al empleo público, establece no seu artigo 3.2 que:

“Si las plazas reservadas y que han sido cubiertas por las personas con discapacidad no alcanzaran la tasa del tres por ciento de las plazas convocadas, las plazas no cubiertas se acumularán al cupo del cinco por ciento de la oferta siguiente, con un límite máximo del 10 por ciento”.

O mesmo Decreto tan só permite esta acumulación se ten lugar na quenda de promoción interna conforme ao seu artigo 5.2: *“Las plazas reservadas que queden desiertas se acumularán a las del turno ordinario de promoción interna. Será de aplicación lo establecido en el artículo 3.3.”*

Igualmente, o artigo 48.2 parágrafo terceiro da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia, establece que: *“las plazas reservadas y que fueron cubiertas por las personas con discapacidad no alcansasen el porcentaje del tres por ciento de las plazas convocadas en la correspondiente oferta de empleo público, las plazas no cubiertas del número total de las reservadas se acumularán al porcentaje del siete por ciento de la oferta siguiente, con un límite máximo del doce por ciento”.*

Polo exposto, o recurso debe ser desestimado.

-Recurso presentado por D. MARCOS LORENZO – 17/09/2024

As alegacións do recorrente refírense á praza de sarxento/a extinción de incendios, quenda libre. Concretamente, e en síntese, as súas peticións son referidas a:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1808/1102

-Alega que as probas físicas son algo desproporcionadas e irrelevantes para o posto de traballo, xa que as funcións dun sarxento de extinción de incendios son funcións técnicas e tácticas.

-Considera que as bases de sarxento por promoción interna (1ª fase) son de contido exemplar xa que puntúa o concurso en máis dun 30% e carecen de probas físicas.

-Alega que: debido a que a ocupación final do posto de traballo é a mesma no concurso oposición libre que na de promoción interna, a puntuación por méritos tamén debe de ser a mesma.

A este respecto, cómpre dicir que, o artigo 61 do TREBEP, establece o seguinte:

"2. Los procedimientos de selección cuidarán especialmente la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación al desempeño de las tareas de los puestos de trabajo convocados, incluyendo, en su caso, las pruebas prácticas que sean precisas.

Las pruebas podrán consistir en la comprobación de los conocimientos y la capacidad analítica de los aspirantes, expresados de forma oral o escrita, en la realización de ejercicios que demuestren la posesión de habilidades y destrezas, en la comprobación del dominio de lenguas extranjeras y, en su caso, en la superación de pruebas físicas.

3. Los procesos selectivos que incluyan, además de las preceptivas pruebas de capacidad, la valoración de méritos de los aspirantes sólo podrá otorgar a dicha valoración una puntuación proporcionada que no determinará, en ningún caso, por sí misma el resultado del proceso selectivo".

En primeiro lugar debe indicarse que, no caso da quenda libre (igual que ocorre na maioría do resto das prazas convocadas), atopámonos ante un maior número de probas a realizar polos aspirantes que na quenda de promoción interna, polo que non é posible que as puntuacións, tanto na fase de concurso como na de oposición, sexan iguais, dado que os criterios e requisitos de participación tamén é algo no que se difire.

Igualmente, a administración é competente para establecer as puntuacións que considere axeitadas para cada proceso selectivo, sempre que se axusten á normativa de aplicación e sexan proporcionais para o desempeño das funcións do posto concreto asociado á praza convocada, tal e como sucede no presente caso, considerando que o criterio mantido se considera axustado ás finalidades de servizo aos intereses xerais e á obxectividade na selección

O recorrente solicita a supresión das probas físicas da quenda libre por considerar que as mesmas son desproporcionadas e irrelevantes, dado que ningunha das funcións que debe desempeñar un sarxento de extinción de incendios require un nivel físico de gran magnitude.

Adicionalmente sinala que, nas probas correspondentes á promoción interna, non se inclúen este tipo de probas.

Fronte ao alegado, convén lembrar que, as funcións a desempeñar por un sarxento aparecen establecidas na guía de funcións dos postos (aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 26/06/2020 e que acompañan á aprobación do acordo da relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Vigo 2022, manténdose as mesmas trala aprobación da última RPT do 2024 aprobada de xeito definitivo pola Xunta de Goberno Local en data 06/09/2024, publicado no BOP de Pontevedra de data 19/09/2024. Toda esta información está publicada e accesible no Portal de Transparencia do Concello de Vigo.

Entre ditas funcións inclúense numerosas tarefas nas que se require un nivel físico acorde ao posto, entre os que se atopan:

- Coordinar, supervisar e dirixir e impartir os programas de formación física e técnica do persoal durante a súa xornada
- Supervisar personalmente as operacións que pola súa especial relevancia ou trascendencia requiran da súa participación activa.
- Debe permanecer localizable, fora da súa xornada de traballo, ao fin de que nos casos de emerxencia imprevisible se poida incorporar ao servizo coa máxima urxencia.
- Mantener o reciclaxe continuo ao obxecto de manter tanto a forma física imprescindible para realizar as súas funcións así como nas técnicas profesionais y procedementos necesarios para desenvolverse de maneira eficiente no posto dentro dos medios que a administración dispón.
- Dirixir ao persoal ás súas ordes cando sexa o máximo responsable dunha intervención.

Esta última función, foi o propio recurrente quen a mencionou no seu recurso como fundamento para non realizar proba física algunha. Non obstante, debe terse en conta que, se é o máximo responsable dunha intervención, pode ser necesario que deba participar activamente, debendo ter, por conseguinte, unha boa preparación física.

Ademais a propia Guía de Funcións establece que para o exercicio destas funcións, é importante manter a reciclaxe continua debendo manter a formación física de maneira constante, polo que se considera imprescindible, axeitado e proporcional a realización deste tipo de probas durante o proceso selectivo.

Con respecto ás probas físicas na quenda de promoción interna, igual que na maior parte das prazas que van por esta quenda, as probas exixidas non teñen que coincidir coas da quenda libre, entre outros motivos porque, os aspirantes, que xa son persoal funcionario, xa teñen que contar, alomenos, con unha antigüidade de dous anos no corpo ou escada de administración especial, subescala de extinción de incendios, clase servizos especiais e categorías de cabo, bombeiro e condutor bombeiro. Para o acceso a ditas prazas xa tiveron que superar unhas probas físicas, e a propia realización do traballo diario xa exige o mantemento dunhas condicións físicas mínimas e a necesidade de reciclaxe continua.

Polo exposto, o recurso debe ser desestimado.

-Recursos presentados por L. GONZÁLEZ LAGO – 25/09/2024 e E. VÁZQUEZ OTERO – 02/10/2024

Como o texto dos recursos é idéntico porcedermos á súa análise conxunta.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1808/1102

Recollen alegacións referidas ás bases da praza de Diplomado/a en traballo social:

-Provisión de prazas para persoas con diversidade funcional: Sinala que nas bases xerais non se aclara que sucede coas prazas para persoas con diversidade funcional que non se cobren, se quedan desertas ou se acumulan á quenda libre como pasa coas de promoción interna. Solicita unha aclaración sobre esta situación.

O tema alegado está expresamente recollido na normativa de aplicación e non é algo que quede á discrecionalidade da administración convocante.

Neste senso, o Real Decreto 2271/2004, de 3 de decembro, por el que se regula el acceso al empleo público, establece no seu artigo 3.2 que:

“Si las plazas reservadas y que han sido cubiertas por las personas con discapacidad no alcanzaran la tasa del tres por ciento de las plazas convocadas, las plazas no cubiertas se acumularán al cupo del cinco por ciento de la oferta siguiente, con un límite máximo del 10 por ciento”.

O mesmo Decreto tan só permite esta acumulación se ten lugar na quenda de promoción interna conforme ao seu artigo 5.2: *“Las plazas reservadas que queden desiertas se acumularán a las del turno ordinario de promoción interna. Será de aplicación lo establecido en el artículo 3.3.”*

Igualmente , o artigo 48.2 parágrafo terceiro da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia, establece que: *“las plazas reservadas y que fueron cubiertas por las personas con discapacidad no alcanzasen el porcentaje del tres por ciento de las plazas convocadas en la correspondiente oferta de empleo público, las plazas no cubiertas del número total de las reservadas se acumularán al porcentaje del siete por ciento de la oferta siguiente, con un límite máximo del doce por ciento”.*

-Para o posto de Diplomado/a en Traballo Social, establécese que o cuarto exercicio será obrigatorio e eliminatorio, a diferenza das anteriores OEP, onde era só obrigatorio.

Ademais, requírese unha puntuación mínima de dous puntos para aprobar, o cal se considera contradictorio, xa que non obter a puntuación máxima implicaría a suspensión do proceso.

Efectivamente trátase dun erro e habería que modificar as bases: onde di “se puntuará de cero (0) a dous (2) puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de dous (2) puntos”, debe dicir: “se puntuará de cero (0) a dous (2) puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de un (1) punto”.

Debe estimarse o recurso parcialmente referido ao citado apartado.

-Indícase que o tema 27 do temario específico fai referencia a un decreto derogado que non se aplica en Galicia, solicitando a súa actualización para garantir a relevancia e a aplicabilidade do contido.

Efectivamente este decreto está derogado, habería que modificalo por "Procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e o funcionamento dos órganos técnicos competentes".

Debe estimarse o recurso parcialmente referido ao citado apartado.

-Recurso presentado por T. BOUZÓN VILA – 29/09/2024

As alegacións recollidas no recurso coinciden parcialmente coas analizadas no recurso anterior presentado por L. González Lago e E. Vázquez Otero, polo que, nesa parte remitímonos ao xa informado.

A maiores solicita a revisión do temario común, xa que algúns dos temas non teñen que ver coa lexislación propia da profesión de traballo social, nin coas funcións e tarefas propias de dita profesión.

O temario xeral está establecido nas bases xerais, e é común a todos os postos da mesma categoría.

Solicita que os temas se adecúen os tempos do exame, xa que este novo temario ten temas moi extensos, o que dificulta a realización do segundo exercicio do desenvolvemento de 4 temas en dúas horas.

En primeiro lugar, cómpre lembrar que as referencias ás bases xerais son referencias a un acordo que a data de hoxe xa é firme a todos os efectos (cuxo recursos de reposición foron resolto por acordo da Xunta de Goberno Local de data 24/07/2024 e publicado o acordo no BOP Pontevedra de 30/08/2024).

Non procede nestes intres ningunha a modificación pois dun acto xa firme, como garantía do principio de seguridade xurídica recollida no artigo 9.3 da CE.

Procede desestimar o recurso con respecto a este apartado.

Con respecto a que o temario común é moi extenso e dificulta a realización no segundo exercicio, cómpre lembrar que, dentro das bases específicas da praza en cuestión, no apartado V, referido ao segundo exercicio, avalíaranse os coñecementos sobre os temas expostos, a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita e precisamente, a capacidade de síntese e o rigor e precisión na súa exposición.

Procede desestimar o recurso con respecto a este apartado.

- Recurso presentado por R. SOLER VIDAL – 7/10/2024

Afirma que as bases xerais publicadas no BOP permiten que tanto o persoal funcionario como o laboral fixo poidan participar en procesos de promoción interna en igualdade de condicións.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1808/1102

Segundo o recorrente, as bases específicas para a cobertura de prazas de Administrativo de Administración Xeral (promoción interna) inclúese un requisito que limita a participación ao persoal auxiliar administrativo ou de servizos internos, tanto funcionario como laboral, sempre que estea acreditado en acto administrativo. Alega que este requisito é contrario ao ordenamento xurídico, xa que non debería estar incluído na base de sistema de selección, senón nos requisitos. Ademais, vulnera o establecido nas bases xerais e impide o dereito á promoción do persoal laboral, o que considera unha violación dos seus dereitos.

Menciona que hai pronunciamentos xudiciais previos, un que inclúe ao Concello de Vigo, que recoñecen o dereito do persoal laboral a participar en procesos de promoción interna para prazas de funcionarios en igualdade de condicións con respecto ao persoal funcionario.

Solicita a modificación das bases para que todos os empregados públicos fixos do subgrupo C2, con dous anos de antigüidade, poidan participar no proceso de promoción interna para as prazas do subgrupo C1 sen que o persoal laboral teña que acreditar acto administrativo.

En primeiro lugar, convén lembrar que o artigo 19 do TREBEP establece que:

- “1. El personal laboral tendrá derecho a la promoción profesional.*
- 2. La carrera profesional y la promoción del personal laboral se hará efectiva a través de los procedimientos previstos en el Estatuto de los Trabajadores o en los convenios colectivos.”*

É dicir, recoñece o dereito á carreira profesional e promoción do persoal laboral pero en ningún momento se recoñece expresamente que esa promoción consista no acceso á corpos ou escalas do persoal funcionario, suposto, que ademais, podería dar lugar a unha funcionarización indirecta do persoal laboral.

Fóra do tratado, tan só aparece recollida unha previsión para os supostos concretos previstos na Disposición Transitoria Segunda do TREBEP:

“El personal laboral fijo que a la entrada en vigor de la Ley 7/2007, de 12 de abril, estuviere desempeñando funciones de personal funcionario, o pasare a desempeñarlos en virtud de pruebas de selección o promoción convocadas antes de dicha fecha, podrá seguir desempeñándolos.

Asimismo, podrá participar en los procesos selectivos de promoción interna convocados por el sistema de concurso-oposición, de forma independiente o conjunta con los procesos selectivos de libre concurrencia, en aquellos Cuerpos y Escalas a los que figuren adscritos las funciones o los puestos que desempeñe, siempre que posea la titulación necesaria y reúna los restantes requisitos exigidos, valorándose a estos efectos como mérito los servicios efectivos prestados como personal laboral fijo y las pruebas selectivas superadas para acceder a esta condición”.

E na Disposición transitoria primeira. Lei 2/2015, de 29 de abril, del empleo público de Galicia.;

“1. El personal laboral fijo de las administraciones públicas incluidas en el ámbito de aplicación de la presente ley que, en el momento de la entrada en vigor de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto básico del empleado público, estuviera realizando funciones o desempeñara puestos de

trabajo de personal funcionario, o pasara a realizar dichas funciones o a desempeñar dichos puestos en virtud de pruebas de selección o promoción interna convocadas antes de la fecha señalada, podrá seguir realizándolas o desempeñándolas”.

O recollido nas bases xerais non é contraditorio co agora establecido nas bases específicas, correspondendo a estas establecer os requisitos de acceso, sendo que o especial prevalece sobre o xeral.

En conclusión, considérase que non é posible legalmente esa equiparación de funcionarios de carreira e persoal laboral no acceso por promoción interna a prazas de funcionarios de carreira. Unicamente sería factible nas condicións e nos propios termos recollidos na Disposición transitoria 2ª do TREBEP e DT 1ª da LEPG.

-Recurso presentado por Y. ALONSO SOUTO – 07/10/2024

As alegacións do recurso fan referencia ás da praza de de alguacil notificador/a.

Solicita que se diferencien claramente as partes do temario, creando unha parte xeral e outra específica, dado que os temas da parte específica deben cubrir os exames prácticos.

Con respecto ao anterior, non é un requisito obrigatorio establecido por lei nin no resto de normativa de aplicación e no presente caso, á vista do escaso número de temas que forman o temario en relación con outras prazas nas que se fai esta diferenciación, e en coherencia co recollido en anteriores bases específicas de procesos selectivos do propio Concello de Vigo, considárase procedente, para garantir unha maior eficiencia na execución do proceso, a configuración do temario tal e como foi aprobado e publicado.

O recurso debe ser desestimado.

-Recurso presentado por B. MARTÍNEZ SOUTO – 23/09/2024

Presenta recurso de reposición ás bases publicadas para proceso selectivo de cobertura de prazas vacantes de Diplomado/a en Traballo Social, no que, en síntese, manifesta:

- Establécese nas bases desta convocatoria a proba de informática como eliminatoria e tendo que acadar os dous puntos (nota máxima da proba). Habendo estado no posto, non é preciso para o seu desempeño máior que uns coñecementos básicos de informática, sendo excesiva para as tarefas precisas a desenvolver esta condición establecida, non cumpríndose co establecido en lei tendo que adecuarse as probas do proceso selectivo ás labores que se desenvolverán.

Efectivamente, tal e como xa se puxo de manifesto anteriormente, trátase dun erro que hai que corrixir nas bases, xa que a puntuación mínima a acadar para superar a proba é 1 punto sobre 2, polo que debe estimarse o recurso.

-Recurso presentado por J. L.CASTRO GONZÁLEZ – 24/09/2024

Presenta recurso de reposición contra as bases específicas de:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1808/1102

- Sarxenta/o extinción de incendios - quenda libre - VI fase concurso: Establécese unha puntuación máxima de 6 puntos no concurso, pero ao revisar os baremos, obsérvase que a suma máxima dos tres baremos non supera os 3 puntos, o que xera unha discrepancia coa puntuación máxima indicada. Solicítase que se corrixa esta incongruencia, modificando os baremos para permitir alcanzar os 6 puntos máximos.

Efectivamente hai un erro na redacción propoñendo a redacción do citado apartado do seguinte xeito:

1.- Experiencia: Ter prestado servizos como sarxento, cabo, bombeiro, bombeiro-condutor ou bombeiro especialista en calquera administración pública como profesional e sen sanción por falta grave ou moi grave (ata un máximo de 6 puntos):

- 0,005 puntos por cada mes de servizo como bombeiro ou condutor bombeiro ata un máximo de 1,60 puntos.
- 0,01 puntos por cada mes de servizo como cabo ata un máximo de 2,00 puntos.
- 0,015 puntos por cada mes de servizo como sarxento ata un máximo de 2,40 puntos.

Cabo extinción de incendios - quenda libre e promoción interna: O número de prazas ofertadas non coincide coas prazas indicadas nas OEP dos anos 2021 e 2022. Na OEP 2021 (BOP no 250 do 29/12/2021 e DOG no 250 do 30/12/2021), ofertáronse 2 prazas de promoción interna.

Na OEP 2022 (BOP no 249 do 30/12/2022 e DOG no 24 do 03/02/2023), ofertáronse 1 praza de promoción interna e 1 praza de quenda libre. En total, deberían convocarse 3 prazas de promoción interna e 1 de quenda libre, e non as prazas indicadas nas bases actuais.

En este apartado recorrente está igualmente no certo, polo que debe procederse a modificalo

-Recurso presentado por N. SEGUÍN FERNÁNDEZ – 26/09/2024

Presenta alegacións ás bases de auxiliar administrativo/a pola quenda de promoción interna, solicitando:

-Engadir unha proba de informática de nivel usuario como terceiro exercicio obrigatorio e eliminatorio na fase de oposición. Na resolución das alegacións da convocatoria de 2017-2018-2019 engadiuse un exercicio obrigatorio e eliminatorio de coñecementos informáticos.

En coherencia coas bases dos últimos procesos executados no Concello de Vigo (OPE 2017-18-19) efectivamente por acordo da Xunta de Goberno Local de data 24/11/2022, de resolución de bases específicas da 3º fase, rectificáronse as bases específicas das prazas de auxiliar de administración xeral pola quenda de promoción interna, introducindo o seguinte exercicio:

Terceiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá nunha proba de coñecementos de informática a nivel usuaria/o de contornos operativos Windows, Linux ou similares, manexo de ferramentas de ofimática (Open Office ou similar) e de utilidades básicas de internet en ditos contornos (navegación, correo electrónico, etc), no tempo que estableza o órgano de selección. Esta proba cualificarase de conformidade cun baremo obxectivo que estableza o órgano de selección antes de iniciarse o exercicio, que deberá comunicárselles ós/as aspirantes no momento de comezar a proba e incluírse na correspondente acta.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

No presente expediente, quizais se tomou como antecedente a redacción inicial das bases 2017-2018-2019, sen ter en conta as rectificacións posteriores.

Estímase procedente e coherente conforme ás características da praza convocada (e a guía de funcións do posto asociado) a necesidade da introdución de proba de coñecementos de informática das persoas aspirantes.

-Engadir unha proba de galego como cuarto exercicio obrigatorio, coa posibilidade de exención para quen posúa o título CELGA 3. Na resolución das alegacións da convocatoria de 2017-2018-2019 tamén se engadiu unha proba de galego.

Estímase procedente e coherente conforme ás características da praza convocada (e a guía de funcións do posto asociado) a necesidade desta proba ou acreditación do CELGA 3. Hai que ter en conta de que se trata dunha promoción interna para persoal que accede dende o grupo E, no que o CELGA requerido era o 2. Polo tanto, tendo en conta que a praza auxiliar é do subgrupo C2 estímase necesario axustarse ás necesidades, ás características e exixencias da praza, polo que deberá intorducirse o seguinte apartado:

Cuarto exercicio- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento do idioma galego, que se realizará conforme ao previsto na base 10ª das xerais que determinará o de selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

A persoa aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba quedará excluída do proceso selectivo.

Estarán exentas da realización deste exercicio as persoas aspirantes que acrediten no prazo de presentación de instancias, posuír o título CELGA 3 ou equivalente homologado, segundo o disposto na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Anexo I), aos que se lle asignarán 2 puntos.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dous (2) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de un (1) punto.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1808/1102

-Que as prazas reservadas para persoas con diversidade funcional que non se cubran deben asignarse á seguinte persoa aprobada nos procesos selectivos.

O tema alegado está expresamente recollido na normativa de aplicación e non é algo que quede á discrecionalidade da administración convocante.

Neste senso, o Real Decreto 2271/2004, de 3 de decembro, por el que se regula el acceso al empleo público, establece no seu artigo 3.2 que:

“Si las plazas reservadas y que han sido cubiertas por las personas con discapacidad no alcanzaran la tasa del tres por ciento de las plazas convocadas, las plazas no cubiertas se acumularán al cupo del cinco por ciento de la oferta siguiente, con un límite máximo del 10 por ciento”.

O mesmo Decreto tan só permite esta acumulación se ten lugar na quenda de promoción interna conforme ao seu artigo 5.2: “Las plazas reservadas que queden desiertas se acumularán a las del turno ordinario de promoción interna. Será de aplicación lo establecido en el artículo 3.3.”

Polo tanto, chegado o caso se se dese esa situación, habería que actuar conforme establecido na normativa aplicable, que permite a acumulación na quenda de promoción interna, pero precisamente ao estar establecido claramente normativamente, non é preciso a súa reiteración nas bases xa que escapa de calquera interpretación ou regulación discrecional por parte da administración.

-Recurso presentado por N. REINALDO LOPEZ – 04/10/2024

Solicita a corrección respecto ás prazas de cabo para o servizo de extinción de incendios, xa que a OEP 2020/2021/2022 se indica 3 prazas de promoción interna e 1 praza de quenda libre, mentres que no BOP publicouse incorrectamente ao revés, con 1 praza de promoción interna e 3 de quenda libre. Requírese que se rectifique esta publicación para axustarse á oferta real, evitando así unha redución nas prazas de promoción interna. O recorrente está no certo, hai que modificalo e estimar parcialmente o recurso referido a este apartado.

Pide a anulación das prazas libres de sarxentos e cabos, argumentando que a lexislación non establece a obrigatoriedade de que estas prazas en servizos especiais, como o servizo de extinción de incendios, sexan por quenda libre ou interna, xa que as disposicións legais sobre esta materia son para a administración xeral. Solicita que non se consideren as reclamacións de persoal doutras administracións baseadas en sentenzas relacionadas co persoal da administración xeral, axustando a oferta ao que establece a lei para servizos especiais.

Hai que lembrarlle ao recorrente que o obxecto do acordo agora recorrido son as bases específicas de determinadas prazas que previamente foron obxecto de aprobación na correspondente oferta pública de emprego. É dicir, foron obxecto de outro acordo no seu día (a correspondente OPE) e xa decaeron firmes. Resulta improcedente e extemporáneo calquer cuestionamento dun acto administrativo firme a todos os efectos, pois conlevaría unha vulneración do principio de seguridade xurídica conforme ao artigo 9.3 da CE, e en concordancia

cia cos límites de revisión dos actos administrativos establecidos actualmente no artigo 110 da LPACAP.

Procede desestimar o recurso no referido a este apartado.

-Recurso presentado por E. MARTÍNEZ RAMOS, (REPRESENTACIÓN SINDICAL DE CUT). 10/10/2024

Presentan recurso de reposición sobre os seguintes aspectos:

-O tema 27 do temario para Diplomado/a en traballo social menciona un decreto derogado (Decreto 15/2010). O decreto atópase derogado polo Decreto 142/2023, de 21 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

Tal e como se puxo de manifesto anteriormente trátase dun erro que hai que corrixir. Procede a estimación parcial do recurso no referido a este apartado.

-Nas bases de Diplomado/a en traballo social, indícase que para aprobar o cuarto exercicio é necesario obter 2 puntos sobre 2. Solicítase que se corrixa a redacción para establecer que se necesita obter 1 punto sobre 2 para aprobar.

Efectivamente é un erro que xa se puxo de manifesto anteriormente e que hai que modificar.

Procede, pois, estimar parcialmente o recurso referido ao citado apartados.

-Proponse que as persoas que superen o primeiro exame poidan incluírse nas listas de substitución, para mitigar a falta de candidatas nas listas de emprego do Concello de Vigo.

Con respecto ao anterior, convén lembrar que o recollido agora nas bases se axusta ao establecido actualmente nos "Criterios de xestión das listas de reserva da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (Expte. 44286/220).

Polo tanto, calquera redacción distinta implicaría a necesidade da previa modificación dos citados criterios.

Procede desestimar o recurso con respecto ao citado apartado.

-Recurso presentado polo Colexio Oficial de Traballo Social e Asistentes Sociais de Galicia – 10/10/2024

Presentan recurso de reposición con respecto ás bases específicas das prazas de Diploma/o Traballo Social.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1808/1102

Algunhas das alegacións xa foron contestadas con anterioridade polo que recolleremos a mesma contestación outorgada.

-Erro na puntuación mínima do cuarto exercicio: As bases establecen que é necesario obter 2 puntos sobre 2 no cuarto exercicio (proba de competencias dixitais) para aprobar, o que parece desproporcionado. Solicítase que se corrixa a puntuación mínima necesaria para aprobar a 1 punto sobre 2, seguindo a coherencia do resto dos exercicios.

Erro que xa foi posto de manifesto anteriormente, polo que procede a estimación do recurso con respecto ao citado apartado.

- Manifestan igualmente que algúns temas do temario específico de Traballo Social son demasiado extensos e confusos, ao abarcar múltiples materias sen a concreción necesaria. Isto dificulta a preparación das persoas aspirantes e podería comprometer os principios de igualdade, mérito e capacidade no proceso selectivo. Destacan: O Tema 5 referido á Deontoloxía Profesional, pero tamén á Lei de Protección de Datos de carácter persoal nos Servizos Sociais;

- O Tema 28, relativo á Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, pero tamén ao interese superior do menor e aos dereitos e deberes do menor, os programas e recursos relativos aos mesmos;

- O Tema 43, relacionado coa Intervención social, inclusión social e situacións de vulnerabilidade, pero tamén cos programas e recursos autonómicos e municipais do Concello de Vigo;

- O Tema 44 referido ao Decreto 61/2016, do 11 de febreiro, polo que se define a Carteira de servizos sociais de inclusión, pero tamén á Orde do 25 de xaneiro de 2008 pola que se regulan os requisitos específicos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social;

- O Tema 45, relacionado coa normativa estatal en materia de dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, pero tamén co papel da iniciativa social, co traballo social neste ámbito e coa Oficina municipal de atencións ás persoas migrantes do Concello de Vigo.

Fronte a esta alegación, cómpre lembrar que, dentro das bases específicas da praza en cuestión, no apartado V, referido ao segundo exercicio, avalíaranse os coñecementos sobre os temas expostos, a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita e precisamente, a capacidade de síntese e o rigor e precisión na súa exposición.

Procede desestimar o recurso con respecto a este apartado.

-Recurso presentado por A. CAMIN VALLIN – 10/10/2024

Alegacións ás bases de sarxento/a de extinción de incendios:

Erros na fase de concurso (experiencia): A puntuación máxima no apartado de experiencia é de 6 puntos, pero na práctica é imposible alcanzar esa puntuación, xa que a suma dos puntos asignados a cada posto (bombeiro, cabo e sarxento) dá un total máximo de só 3 puntos. É un erro, hai que modificalo, propoñendo a redacción do citado apartado do seguinte xeito:

1.- Experiencia: Ter prestado servizos como sarxento, cabo, bombeiro, bombeiro-condutor ou bombeiro especialista en calquera administración pública como profesional e sen sanción por falta grave ou moi grave (ata un máximo de 6 puntos):

- 0,005 puntos por cada mes de servizo como bombeiro ou condutor bombeiro ata un máximo de 1,60 puntos.
- 0,01 puntos por cada mes de servizo como cabo ata un máximo de 2,00 puntos.
- 0,015 puntos por cada mes de servizo como sarxento ata un máximo de 2,40 puntos.

Erros na orde de prelación: As bases indican que o cuarto exercicio da oposición corresponde a unha proba de condución, pero non existe tal exercicio na convocatoria.

Efectivamente trátase dun erro que hai que modificar.

Erros nas exclusións médicas: No anexo II, punto 1, menciónanse as funcións de condutor-bombeiro, cando debería referirse ás funcións propias do sarxento. É un erro, que hai que modificar.

No punto 2, sobre agudeza visual, non se especifica se a referencia é á visión afastada ou próxima, o cal é fundamental para avaliar correctamente ás persoas aspirantes.

Con respecto a este apartado, séguese o mesmo criterio e redacción que o establecido nas bases do resto das prazas do servizo de extinción de incendios e en convocatorias anteriores do Concello de Vigo sen que conste que se producisen problemas de interpretación.

-Recurso presentado pola FUNDACIÓN INTEGRAL – 11/10/2024

Presentan recurso de reposición solicitando a modificación das bases para que se inclúa un proceso selectivo separado e adaptado para as prazas reservadas a persoas con diversidade intelectual (4 prazas de axudante de oficios e 1 de subalterno/a).

O artigo 59.2 do TREBEP indica que "cada Administración Pública adoptará as medidas precisas para establecer as adaptacións e axustes razoables de tempos e medios no proceso selectivo".

O Real Decreto 2271/2004 establece que o órgano convocante poderá solicitar a realización de convocatorias independentes, non supeditadas ás ordinarias, nas que as prazas estarán reservadas a persoas con discapacidade.

Non é un requisito legal, polo que é o Concello o que decide como facelo sempre que o proceso se adapte á normativa de aplicación.

As actuais bases aprobadas axústanse a dita normativa de aplicación, non resultando procedente agora con respecto ao alegado a súa modificación en fase de recurso, pero sen prexuízo de que no marco de execución de ofertas futuras, se poida valorar a necesidade de convocatorias independentes para as prazas de diversidade.

-Recurso presentado por I. ALONSO REGUEIRO (EN CALIDADE DE SECRETARIA DA SECCIÓN SINDICAL CIG) – 14/10/2024



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1808/1102

En síntese, o recurso versa sobre as seguintes cuestións:

- Engadir nas bases a inclusión nas bolsas de emprego para quen aprobe o primeiro exame.

Con respecto ao anterior, convén lembrar que o recollido agora nas bases se axusta o establecido actualmente nos “Criterios de xestión das listas de reserva da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (Expte. 44286/220).

Polo tanto, calquera redacción distinta implicaría a necesidade da previa modificación dos citados criterios.

Procede desestimar o recurso con respecto ao citado apartado.

- Engadir un tema de Igualdade nos temarios de oficiais para cumprir co Plan de Igualdade.

Isto xa está recollido nas bases, dentro dos catro primeiros temas que figuran como anexo nas bases xerais para o subgrupo C2, e concretamente, o cuarto tema ten o seguinte título: “A igualdade de xénero. O principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade”.

- Publicar as bases na web do Concello para manter coherencia nas probas elaboradas.

Con respecto ao anterior convén lembrar que as bases sempre se publican na páxina web municipal ademais de nos boletíns oficiais correspondentes en concordancia co disposto na normativa de aplicación.

- Unificar a redacción dos temas de Prevención de Riscos Laborais para todas as prazas segundo o grupo/subgrupo.

No referido ao alegado, lémbrese que, a redacción dos temarios preténdese axustar ás peculiaridades da cada unha das prazas convocadas principalmente no referido á parte do temario específica recollido nas bases, sen prexuízo daqueles temas que sexan comúns na parte xeral, a prazas dun mesmo grupo/subgrupo.

Polo tanto, se os citados temas forman parte do temario específico, precísase dunha avaliación individual en función das particularidades e singularidades da praza convocada.

-Actualizar lexislación e reducir a puntuación mínima en competencias dixitais na praza de Diplomado/a en Traballo Social, pasando de 2 a 1 punto.

Isto xa se tratou na análise de recursos anteriores detectándose un erro que hai que correxir, polo que se estima o recurso no referido a este apartado.

-Que nos temas de Oficial coidador/a, mantemento, vixilancia e control de Vigozoo e se reduza a materia de Mantemento e se inclúa a de “Métodos de manipulación das diferentes especies do zoo. Técnicas de captura e inmovilización de animais salvaxes.” por ser unha función fundamental deste posto.

Convén lembrar que o momento procedimental no que nos atopámos é a resolución de recursos contra un acto xa ditado no que se aproban as bases específicas dun determinado número de prazas, polo tanto a actuación da administración é limitada polo que, as posibles rectificacións, modificacións ou revisións que se pretendan do acto recorrido, deberán estar fundamentadas en erros de feito que proceda modificar ou na aplicación da normativa de aplicación, pero non en criterios de oportunidade xa que actualmente resultaría improcedente, e sen prexuízo de que, para convocatorias futuras, o servizo municipal competente poida realizar suxestións de temas acordos á praza convocada e ás funcións dos postos asociados a ditas prazas.

-Facilitar a promoción interna ao persoal laboral.

En primeiro lugar, convén lembrar que o artigo 19 do TREBEP establece que:

“1. El personal laboral tendrá derecho a la promoción profesional.

2. La carrera profesional y la promoción del personal laboral se hará efectiva a través de los procedimientos previstos en el Estatuto de los Trabajadores o en los convenios colectivos.”

É dicir, recoñece o dereito á carreira profesional e promoción do persoal laboral pero en ningún momento se recoñece expresamente que esa promoción consista no acceso á corpos ou escalas do persoal funcionario, suposto, que ademais, podería dar lugar a unha funcionarización indirecta do persoal laboral.

Fóra do tratado, tan só se recollía unha previsión para os supostos concretos previstos na Disposición Transitoria Segunda do TREBEP:

“El personal laboral fijo que a la entrada en vigor de la Ley 7/2007, de 12 de abril, estuviere desempeñando funciones de personal funcionario, o pasare a desempeñarlos en virtud de pruebas de selección o promoción convocadas antes de dicha fecha, podrá seguir desempeñándolos.

Asimismo, podrá participar en los procesos selectivos de promoción interna convocados por el sistema de concurso-oposición, de forma independiente o conjunta con los procesos selectivos de libre concurrencia, en aquellos Cuerpos y Escalas a los que figuren adscritos las funciones o los puestos que desempeñe, siempre que posea la titulación necesaria y reúna los restantes requisitos exigidos, valorándose a estos efectos como mérito los servicios efectivos prestados como personal laboral fijo y las pruebas selectivas superadas para acceder a esta condición”.

E na Disposición transitoria primeira. Lei 2/2015, de 29 de abril, del empleo público de Galicia.

“1. El personal laboral fijo de las administraciones públicas incluidas en el ámbito de aplicación de la presente ley que, en el momento de la entrada en vigor de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto básico del empleado público, estuviera realizando funciones o desempeñara puestos de trabajo de personal funcionario, o pasara a realizar dichas funciones o a desempeñar dichos puestos en virtud de pruebas de selección o promoción interna convocadas antes de la fecha señalada, podrá seguir realizándolas o desempeñándolas”.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1808/1102

O recollido nas bases xerais non é contraditorio co agora establecido nas bases específicas, correspondendo a estas establecer os requisitos de acceso, sendo que o especial prevalece sobre o xeral.

En conclusión, considérase que non é posible legalmente esa equiparación de funcionarios de carreira e persoal laboral no acceso por promoción interna a prazas de funcionarios de carreira. Unicamente sería factible nas condicións e nos propios termos recollidos na Disposición transitoria 2ª do TREBEP e DT 1ª da LEPG.

-Recurso presentado pola FEDERACIÓN ASPACE GALICIA 14/10/2024

Presentado o recurso, en síntese, manifestan:

-Que se realice unha convocatoria específica para as prazas de subalterno/a e axudante de oficios reservadas para persoas con discapacidade intelectual, coas seguintes especificacións:

-.Que as prazas correspondentes a discapacidade intelectual non cubertas, non pasen a cota xeral e se reserven a acumulen na seguinte OPE.

-Adaptación de temarios e do proceso selectivo destinado as prazas con discapacidade intelectual (non se establece ningún tipo de adaptación metodolóxica do temario, de tempo, nin de realización de probas), co obxecto de evitar una discriminación indirecta, e facilitar o acceso en condición de igualdade.

-Que as solicitudes de adaptación sexan resoltas e comunicadas no prazo dun mes desde o día seguinte en que termine o prazo de presentación de solicitudes, debendo motivarse as negativas.

-Realización dunha convocatoria específica das prazas reservadas para discapacidade intelectual en lectura fácil.

-Habilitación dun apartado na web con toda a información da convocatoria, que cumpra cos requisitos de accesibilidade web.

En primeiro lugar, as Bases xerais que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, 03/06 2024, establecen, no apartado CUARTO do Anexo I que:

“En todo caso, para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso

á función pública en condicións de igualdade, observarase o disposto no Real Decreto 2271/2004, do

3 de decembro, polo que se regulan o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo

das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de

concordante aplicación”.

Apartado QUINTO, do citado Anexo I:

“No caso de diversidade funcional, cando sexa necesario a adaptación de tempos, levarase a cabo de

conformidade co disposto na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño pola que se establecen criterios xerais para adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade e normativa de concordante aplicación, debendo ser solicitada e concretada expresamente polas persoas aspirantes. A adaptación de medios referida no artigo 8 do

Real Decreto 2271/2004, de 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, deberá igualmente formularse concretamente na solicitude de participación”.

Apartado OCTAVO de las Bases xerais, correspondiente ao órgano de selección:

“8.4.1: O órgano de selección adaptará o tempo e os medios de realización dos exercicios das persoas aspirantes con discapacidade, de forma que se garanta a igualdade de oportunidades cos demais participantes, nos termos establecidos na normativa vixente”.

-Artigo 5.3 da Orden PRE/1822/2006, de 9 de junio, por la que se establecen criterios generales para la adaptación de tiempos adicionales en los procesos selectivos para el acceso al empleo público de personas con discapacidad:

“A efectos de que los órganos de selección puedan valorar la procedencia de la concesión de las adaptaciones de tiempo solicitadas, y con el objeto de que dichos órganos puedan adoptar, en cada caso, las decisiones más idóneas en condiciones de igualdad, se establece el Baremo denominado «criterios generales para las adaptaciones de tiempos, prueba oral y/o escrita según deficiencias y grados de discapacidad», que figura en el Anexo de la presente Orden”.

Artículo 8 Real Decreto 2271/2004, de 3 de diciembre, por el que se regula el acceso al empleo público y la provisión de puestos de trabajo de las personas con discapacidad.

“1. En las pruebas selectivas, incluyendo los cursos de formación o períodos de prácticas, se establecerán para las personas con discapacidad con grado de minusvalía igual o superior al 33 por ciento que lo soliciten las adaptaciones y los ajustes razonables necesarios de tiempo y medios para su realización, para asegurar que las personas con discapacidad participen en condiciones de igualdad.

2. En las convocatorias se indicará expresamente esta posibilidad, así como que los interesados deberán formular la correspondiente petición concreta en la solicitud de participación, en la que se reflejen las necesidades específicas que tiene el candidato para acceder al proceso de selección en igualdad de condiciones.

A tal efecto, los órganos de selección podrán requerir un informe y, en su caso, la colaboración de los

órganos técnicos de la Administración laboral, sanitaria o de los órganos competentes del Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales.

3. La adaptación de tiempos consiste en la concesión de un tiempo adicional para la realización de los

ejercicios. Mediante una resolución conjunta de los Ministerios de Administraciones Públicas y de Trabajo y Asuntos Sociales, se establecerán los criterios generales para determinar esa adaptación.

4. La adaptación de medios y los ajustes razonables consisten en la puesta a disposición del aspirante

de los medios materiales y humanos, de las asistencias y apoyos y de las ayudas técnicas y/o tecnologías asistidas que precise para la realización de las pruebas en las que participe, así como en la garantía de la accesibilidad de la información y la comunicación de los procesos y la del recinto o espacio físico donde estas se desarrollen”.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1808/1102

Como conclusión pódese afirmar que se tivo en todo momento en conta a posibilidade de acceso a persoas con algún tipo de diversidade recoñecida e así se establecen nas propias bases xerais (que xa son acto firme a tódolos efectos).

O motivo polo que non se especifica na convocatoria nin nas bases as adaptacións concretas son debido a que o propio artigo 8 del RD 2271/2004, apartados 3 e 4 define en que consiste a adaptación de tempos e medios.

Igualmente, esta administración descoñece no momento que realiza as bases das e a pertinente convocatoria, o número de aspirantes con diversidade que teñen intención de presentarse, así como o tipo e grao desta que se poida alegar. Deste xeito, será unha vez que xa figure lista de admitidos, na que cada persoal poderá solicitar as adaptacións concretas axustadas ás súas circunstancias particulares.

Con respecto a adaptación do tempo, as bases xerais remítense á normativa específica que resultaría de aplicación para o suposto de que un aspirante a solicitase. Trátase concretamente da xa citada Orden PRE/1822/2006,.

En canto ás solicitudes e o prazo de contestación, o apartado QUINTO.2.4 da Orden PRE/1822/2006, establece que:

“El órgano de selección, a la vista de la documentación aportada, resolverá sobre la solicitud de adaptaciones y ajustes razonables necesarios de tiempo para la realización de las pruebas selectivas”.

A normativa non establece o prazo concreto en que debe ser resolto (sen prexuízo do prazo xeral de 3 meses establecido no artigo 21.3 da LPACAP) pero si atribúe a competencia para o seu tratamento e resposta ao órgano de selección. Polo tanto, non resulta viable que as solicitudes de adaptación se resolvan no prazo de un mes dende que remate o prazo para presentar as solicitudes como se pide no escrito, xa que o procedemento está condicionado a que, o órgano municipal competente nomee en primeiro lugar aos membros do órgano de selección encargado de xulgar o proceso, e unha vez que se constituía dito órgano, será cando poderán tratar as cuestións suscitadas en dito proceso para os que foron nomeados, entre elas, a adaptación de medios solicitadas polas persoas con diversidade.

No referido á motivación da resolución en caso de denegación dos medios solicitados, os actos administrativos, con carácter xeral, xa teñen a súa regulación de necesidade de motivación expresamente prevista no artigo 35 da LPACAP.

En canto á realización da convocatoria específica, o artigo 4 Real Decreto 2271/2004, de 3 de diciembre, por el que se regula el acceso al empleo público y la provisión de puestos de trabajo de las personas con discapacidad, establece que:

“En el ámbito de la Administración General del Estado, el órgano convocante podrá solicitar al Ministerio de Administraciones Públicas la realización de convocatorias independientes, no supeditadas a las ordinarias, en las que las plazas estarán reservadas a personas con discapacidad cuyo grado de minusvalía sea igual o superior al 33 por ciento. Las pruebas tendrán el mismo contenido y grado de exigencia que las que se realicen en las convoca-

rias ordinarias, sin perjuicio de las adaptaciones previstas en el artículo 8. En cualquier caso, los aspirantes deberán acreditar la discapacidad y el grado de minusvalía. Las plazas incluidas en estas convocatorias se computarán, en todo caso, en el cupo reservado en la oferta de empleo público para su cobertura entre personas con discapacidad”.

É dicir, non é un requisito obrigatorio, polo que é o Concello o que decide como facelo sempre que o proceso se adapte á normativa de aplicación.

As actuais bases aprobadas axústanse a dita normativa de aplicación, non resultando procedente agora con respecto ao alegado a súa modificación en fase de recurso, pero sen prexuízo de que no marco de execución de ofertas futuras, se poida valorar a necesidade de convocatorias independentes para as prazas de diversidade.

E no que atinxe á solicitude dun espazo na web municipal con requisitos de accesibilidade, en concordancia co Real Decreto 1112/2018, de 7 de setembro, sobre accesibilidade de los sitios web y aplicaciones para dispositivos m3viles del sector p3blico, o Concello de Vigo, a trav3s de su propia web, realizou unha declaración de accesibilidade, a trav3s da cual se compromete a facer accesible o sitio web de conformidad con el RD 1112/2018, sobre accesibilidad de los sitios web y aplicaciones para dispositivos m3viles del sector p3blico (https://hoxe.vigo.org/movemonos/discap_accesibilidad.php?lang=gal).

A trav3s da citada declaración establ3cese a posibilidade de realizar as comunicaci3ns que se estimen pertinentes acerca dos requisitos de accesibilidade, así como o procedemento de reclamaci3n para o suposto de que a solicitud de informaci3n accesible o a queixa, tivese sido desestimada, sendo o 3rgano competente para a su resoluci3n, a Unidad Responsable de Accesibilidade do Concello de Vigo.

Igualmente esta administraci3n incorporou na web a plataforma de accesibilidade web universal inSuit, un servizo que mejora de maneira autom3tica a accesibilidade e a usabilidade da p3xina fac3ndoa m3is accesible e inclusiva.

Pasamos a analizar en 3ltimo lugar a alegaci3n sobre que as prazas desertas de diversidade non se destinen a cota xeral sen3n que se acumulen a futuras convocatorias.

O tema alegado est3 expresamente recollido na normativa de aplicaci3n e non 3 algo que quede 3 discrecionalidade da administraci3n convocante.

Neste senso, o Real Decreto 2271/2004, de 3 de decembro, por el que se regula el acceso al empleo p3blico, establece no seu artigo 3.2 que:

“Si las plazas reservadas y que han sido cubiertas por las personas con discapacidad no alcanzan la tasa del tres por ciento de las plazas convocadas, las plazas no cubiertas se acumularán al cupo del cinco por ciento de la oferta siguiente, con un límite máximo del 10 por ciento”.

O mesmo Decreto tan s3 permite esta acumulaci3n se ten lugar na quenda de promoci3n interna conforme ao seu artigo 5.2: “Las plazas reservadas que queden desiertas se acumula-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1808/1102

rán a las del turno ordinario de promoción interna. Será de aplicación lo establecido en el artículo 3.3.”

Polo tanto, chegado o caso se se dese esa situación, habería que actuar conforme establecido na normativa aplicable, que permite a acumulación na quenda de promoción interna, pero precisamente ao estar establecido claramente normativamente, non é preciso a súa reiteración nas bases xa que escapa de calquera interpretación ou regulación discrecional por parte da administración.

-Recurso presentado por B. DOMÍNGUEZ MONTENEGRO – 07/10/2024

Presenta recurso de reposición, onde en síntese, manifesta:

- Alega que a OEP 2020 foi aprobada o 23/12/2020, onde 7 prazas das ofertadas son de auxiliar administrativo.
- Alega que a convocatoria incumpre o prazo legal establecido no artigo 70 do Estatuto Básico do Empregado Público (RDL 5/2015), que esixe que a execución da OEP se realice nun prazo improrrogable de tres anos. Neste caso, a convocatoria realizada en setembro de 2024 excede o prazo de tres anos.
- A recorrente cita xurisprudencia do Tribunal Supremo e do TSX de Galicia, que segundo ela, confirman que o incumprimento deste prazo supón a nulidade das convocatorias.
- Solicita que se declare a caducidade da OEP de 2020 no que respecta ás prazas de auxiliar de administración xeral e a suspensión cautelar do proceso.

Fronte a estas alegacións cómpre facer as seguintes consideracións:

O artigo 70 do TREBEP establece que:

“1. Las necesidades de recursos humanos, con asignación presupuestaria, que deban proveerse mediante la incorporación de personal de nuevo ingreso serán objeto de la Oferta de empleo público, o a través de otro instrumento similar de gestión de la provisión de las necesidades de personal, lo que comportará la obligación de convocar los correspondientes procesos selectivos para las plazas comprometidas y hasta un diez por cien adicional, fijando el plazo máximo para la convocatoria de los mismos. En todo caso, la ejecución de la oferta de empleo público o instrumento similar deberá desarrollarse dentro del plazo improrrogable de tres años”.

A presente convocatoria recolle a execución da segunda fase de prazas que foron obxecto das Ofertas de emprego público do Concello de Vigo do ano 2020, 2021 e 2021.

A recorrente fai mención específica ás prazas de auxiliar de administración xeral que foran ofertadas na OPE 2020.

Con data 23 de decembro de 2020, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, adoptou acordo de aprobación da Oferta de Emprego Público 2020 (expdte. 35213/220) incluía 7 prazas de auxiliar de administración xeral , 3 delas reservadas para persoas con diversidade.

Esta acordo foi publicado no Boletín Oficial da Provincia, BOP de Pontevedra de 30/12/2020 e no Diario Oficial de Galicia, (DOG), da mesma data. Esta oferta foi rectificada posteriormente por acordo da Xunta de Goberno Local de 19/02/2021, publicado no BOP Pontevedra de 12/03/2021 e DOG de 13/04/2021.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/01/2024 aprobáronse as bases xerais dos procesos selectivos destinados a execución conxunta das OPEs 2020-2021-2022 e a convocatoria de bases específicas da 1º fase acordo publicado de xeito inmediato na sede electrónica do Concello de Vigo https://sede.vigo.org/expedientes/actas/actas_od.jsp?ano=2024&t=ACTA&id=1.

Motivado por esta publicidade, por parte de varios representantes sindicais do persoal do Concello de Vigo, foron advertidos e postos de manifestos a través de diversos escritos presentados no rexistro electrónico, varios erros que se recollían nas citadas bases que motivaron o estudo, análise para a súa posible rectificación. O acordo publicouse no BOP de data 03/06/2024 e no DOG de 25/06/2024.

É dicir, aínda que non figure a finalización total do proceso, si se realizaron diversas actuacións dentro do prazo legalmente establecido encamiñadas á súa execución, entre elas a aprobación por parte do órgano municipal competente das bases xerais que van a rexer para todos os procesos selectivos das OPEs 2020-2021-2022, toda vez que se decidiu a súa execución conxunta.

Hai que ter en conta, ademais, que actualmente, no marco do Convenio entre o Concello de Vigo e Xunta de Galicia de data 30/05/2022, para a asunción pola administración autonómica da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso a diferentes categorías da Policía Local, actualmente, a execución dos procesos selectivos referidos ás prazas ofertadas polo Concello de Vigo, é compartida entre esta administración e a Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) no referido á convocatoria e execución dos procesos selectivos das prazas do corpo da Policía Local. E precisamente parte das prazas ofertadas na OPE 2020 xa foron executadas hoxe en día coa colaboración da AGASP.

Polo tanto, non procede acordar a caducidade (aínda que fose de xeito parcial da OPE 2020 e referida exclusivamente ás prazas de auxiliar de administración xeral que menciona a recorrente) dado que dentro do prazo establecido e fixado pola norma, coa previsión de acotar temporalmente a potestade administrativa na resolución das ofertas, esta administración realizou actuacións e trámites esenciais na execución para o procedente desenvolvemento e execución dos procesos selectivos.

Sen prexuízo do anterior, procede igualmente poñer de manifesto o seguinte.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1808/1102

Parte da fundamentación á que se agarra a agora recorrente son as STS 10/12/2018 (recurso 129/2016) e STS 12/12/2019 (recurso 3554/2017), nas que se recoñece o carácter esencial do prazo de tres anos do artigo 70 do TREBEP.

En primeiro lugar, deixar constancia que o propio alto tribunal establece que aínda que se supere o prazo esencial de 3 anos para executar unha oferta de emprego, conservaranse os actos e trámites válidos, incluída a resolución do proceso selectivo.

Pero é que, ademais, as conclusións do propio Tribunal non son totalmente pechadas, xa que establece que *“son precisas razones muy poderosas para no deducir de esa disposición el carácter invalidante del incumplimiento del plazo”*.

É dicir, deixa aberta a posibilidade a que existan “razóns poderosas” que rachen ese carácter invalidante. No supostos da propia sentenza, poñía de manifesto que, nese caso, a Comunidade de Madrid non explicara a razón de demora de nove e sete anos en realizar a convocatoria, algo que, como levamos expoñendo ao longo da presente contestación, non se axusta o máis mínimo a actuación neste caso desta administración.

Pois ben, tomando a propia expresión do Tribunal Supremo, a ninguén se lle escapa as “razóns poderosas” que se poderían por de manifesto dende que tivo lugar a aprobación da OPE 2020, que servirían máis que de xustificación para unha posible demora na execución dos procesos selectivos, e que pasamos a mencionar:

1º Medidas de restricións que afectaron ao desenvolvemento de procesos selectivos e a normal execución de ofertas de emprego por motivos de emerxencia sanitaria do COVID 19

A citada oferta foi aprobada dentro dunha situación de emerxencia declarada pola epidemia do COVID-19 que provocou que se restrinxiran por parte das autoridades competentes, certas actividades, entre elas a execución e realización de probas e procesos selectivos por razóns de índole sanitaria.

Non foi ata o 21 de outubro de 2021 (DOG 203.bis do 21/10/2021), que por Acordo do Consello da Xunta de Galicia, se declara a finalización da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade autónoma de Galicia, que fora declarada polo Acordo do mesmo Consello de data 13 de marzo de 2020 como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19 e trala declaración do estado de alarma por parte do Goberno estatal.

Durante todo este período, e por razóns alleas ao propio Concello de Vigo pero xustificadas pola situación de emerxencia sanitaria (que comprende a maior parte dos anos 2020 e 2021) non tivo lugar a realización da celebración de ningún proceso selectivo. Isto provocou que os procesos que xa estaban convocados e en execución con anterioridade á declaración de emerxencia sanitaria, quedasen en suspenso ou pendentes de execución ata o levantamento das restricións acordadas. No caso do Concello de Vigo, estando en execución as OPEs 2017-2018-2019, víronse

paralizadas non podendo reanudarse ata un período posterior, de case dezoito meses, o que conlevou que ditos procesos desas ofertas non se puideran rematar de executar ata o longo do ano 2023.

Esta tardía execución motivada polo período de carencia, “arrastrou” na demora inevitablemente a execución dos procesos relativos de ofertas posteriores, neste caso as OPEs 2020-2021-2022.

2º Obriga de aprobación de oferta e execución de procesos de estabilización de emprego temporal.

Se xa a motivación anterior pon de manifesto “razóns poderosas” que provocaron a demora nos procesos de execución de ofertas dende o ano 2020 de xeito fundamentado, a maiores, non debemos esquecer que, a entrada en vigor da Lei 20/2021, de 28 de decembro, *de medidas urgentes para la reducción de la temporalidad en el empleo público*, lle impuxo ás distintas administracións (entre elas o Concello de Vigo) a obriga de aprobar unhas ofertas específicas para estabilización do emprego temporal con uns prazos preceptivos tanto para aprobación e publicación de oferta, bases xerais e específicas e como para o período máximo de execución (ata o 31/12/2024).

Isto conlevou motivada e necesariamente a “priorización” da, primeiramente aprobación da Oferta de emprego de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo (por acordo da Xunta de Goberno Local de data 31/05/2022) e posteriormente todos os actos necesarios para a súa execución e con carácter preferente sobre o resto de ofertas “ordinarias” en proceso, (coa imperiosa necesidade da aprobación das bases dos procesos de estabilización con prazo máximo do 31/12/2022).

No caso do Concello de Vigo hai que ter en conta que se tiveron que ofertar e executar no curto período establecido, máis de 90 prazas tanto polo sistema de concurso como de concurso-oposición.

3º Seguen a manterse as mesmas necesidades de persoal que no momento da aprobación da oferta.

Máis alá das claras e manifestas “razóns poderosas” que serviron de motivación dunha posible e xustificada demora na execución dos distintos procesos selectivos nos últimos anos, unha das fundamentacións utilizadas pola mesma xurisprudencia sobre a “obriga” de execución nun período máximo das ofertas de emprego aprobadas, vén determinado en que esas ofertas deben executarse mentres permanezan as necesidades en virtude das cales se elaboraron, necesidade que razoablemente poden variar de maneira significativa máis alá desa marxe dos tres anos.

Pois ben, no caso do Concello de Vigo, e referido xa só exclusivamente ás prazas de auxiliar nas que se limita a pedir a caducidade a recorrente, chega con observar que, nas últimas ofertas de emprego público aprobadas (OPE 2023 e a recentemente aprobada OPE 2024) se aprobaron un total de 11 novas prazas de auxiliar (7+4 respectivamente) a maiores das pendentes aínda de execución das OPEs 2020-2021-2022, o que pon de manifesto que as necesidades que levaron a



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1808/1102

ofertar as prazas cuxa convocatoria agora se cuestiona, non só non minguaron senón que permanecen ou incluso se viron acrecentadas, polo que, no caso de non convocarse, podería conlevar o menoscabo do interese xeral, que sempre debe primar por riba de calquera interese particular.

Polo exposto, o recurso debe ser desestimado.

-Recurso presentado por B. Argibay Cusi 23/10/2024.

O artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP) establece que o prazo para a interposición do recurso de reposición será de un mes, si o acto fose expreso.

Conforme ao artigo 29 , os termos e prazos establecidos en esta ou outras leis obrigan ás autoridades e persoal ao servizo das administracións públicas competentes para a tramitación dos asuntos, así como aos interesados nos mesmos.

O artigo 30. 4 da mesma lei, dispón que se o prazo se fixa en meses ou anos, estes computaranse a partir do día en que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate.

No presente suposto o acordo recorrido foi publicado no BOP de Pontevedra de 13/09/2024, publicación que serve de base para o cómputo dos prazos a efectos dos recursos procedentes e o interesado presentou o seu escrito en data 23/10/2024, polo que debe inadmitirse por extemporáneo.

-Rectificacións de oficio por erros detectados.

A maiores dos recursos presentados, e conforme ao artigo 109.2 da LPACAP as administracións públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

A este respecto, cómpre facer as seguintes consideracións:

-Consta presentado un escrito presentado polo Servizo de Cemiterios, coa firma da xefatura de Medio ambiente, no que queren facer unha aclaración sobre un tema concreto recollido na praza de Oficial sepultureiro, que por erro fai referencia a unha normativa xa derogada según advirten.

Segundo o propio escrito, nas bases da oferta de emprego 2020, 2021 e 2022, 2a fase. Oficial Sepultureiro:

“O tema 15 publicado da praza de oficial sepultureiro é o seguinte: Tema 15. Decreto 151/2014 de 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia.

En relación a dito tema: O vixente Decreto 129/2023, do 31 de agosto, de sanidade mortuoria de Galicia, na súa Disposición derogatoria única contén o seguinte texto:

“1. Queda derogado o Decreto 151/2014 do 20 de novembro de sanidade mortuoria de Galicia, sen prexuízo do disposto na disposición transitoria quinta.

2. Quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango que contradigan o disposto no presente decreto”

A disposición transitoria quinta. Réxime transitorio aplicable a determinados produtos e servizos, di que: “En tanto non se aproben as ordes de desenvolvemento estableci/das neste decreto no relativo aos requisitos e características das padiolas de recollida de cadáveres, vehículos sanitarios, féretros e outros recipientes funerarios e nichos, continuará sendo de aplicación o disposto ao respecto no Decreto 151/2014, do 20 de novembro de sanidade mortuoria de Galicia”.

Habería que modificar o tema 15 coa seguinte redacción: “Normativa sobre sanidade mortuoria de Galicia.”

Procédese pois a súa rectificación conforme ao artigo 109.2 da LPACAP.

-Igualmente detectouse de oficio varios erros referidos ás prazas convocadas de “Técnico/a de administración xeral” grupo A, subgrupo A1.

Primeiramente hai unha diverxencia entre as prazas convocadas que aparecen no cadro do Anexo e as recollidas na convocatoria específica, sendo esta a numeración correcta;

TÉCNICA/O DE ADMINISTRACIÓN XERAL

NÚMERO DE PRAZAS: 6 (Cinco pola quenda libre, dúas delas reservadas a persoas con diversidade funcional, e unha reservada para a quenda de promoción interna.

Detéctase igualmente un erro no apartado VII da quenda libre, debendo ser a redacción correcta a seguinte:

VII.- ORDE DE PRELACIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES PARA A QUENDA LIBRE.

A cualificación dos tres primeiros exercicios será de 0 a 10 puntos; quedará eliminado a persoa aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada un deles. A cualificación do cuarto e quinto exercicio será de 0 a 2 puntos, de conformidade co previsto na base X das xerais.

A puntuación final obterase sumando as puntuacións de cada un dos exercicios, sendo o total sobre a base de 34 puntos.

A relación de persoas aprobadas por orde de puntuación farase de conformidade coa base 10ª das xerais.

-RECTIFICACIÓNS A REALIZAR NAS BASES ESPECÍFICAS

Á vista da análise de cada un dos recursos presentados así como das erros detectados de oficio, procede facer as rectificacións pertinentes referidas ás seguintes prazas:

- Sarxento do SPEIS
- Cabo do SPEIS



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1808/1102

- Auxiliar de Administración Xeral
- Técnica/o de Administración Xeral
- Diplomado/a en Traballo Social.
- Oficial Sepultureiro

-ALZAMENTO DE SUSPENSIÓN DO ACTO RECORRIDO

Unha vez producida a suspensión automática do acto recorrido que foi solicitada por algúns dos recurrentes, e que tivo lugar ao darse os supostos previstos do artigo 117.3 da LPACAP, procede agora acordar o alzamento expreso coa resolución dos recursos presentados.

-COMPETENCIA

O órgano competente para a aprobación de convocatorias das ofertas de emprego público e as súas bases no ámbito da xestión do persoal municipal é a Xunta de Goberno local, ao abeiro do artigo 127.1., apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e para a resolución dos recursos presentados contra o acto de aprobación, conforme ao artigo 123 da LPACAP.

Á vista do exposto, e coa conformidade da Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Alzar expresamente a suspensión do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 23/08/2024, polo que se aprobou a convocatoria e as bases específicas dos procesos selectivos destinados á execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo correspondentes ao anos 2020, 2021 e 2022 (2ª fase) (BOP 13/09/2024)

SEGUNDO.- Estimar parcialmente o recursos de reposición presentados por L. González Lago, T. Bouzón Vila, E. Vázquez Otero, B. Martínez Souto, J.L. Catro González, N. Seguí Fernández, N. Reinaldo López, E. Martínez Ramos (representación sindical CUT), Colexio Oficial de Traballo Social e Asistentes Sociais de Galicia, A. Camín Vallín, e I. Alonso Requeiro (representación sindical CIG) contra o acordo da Xunta de Goberno Local, de data 23/08/2024, polo que se aprobou a convocatoria e as bases específicas dos procesos selectivos destinados á execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo correspondentes ao anos 2020, 2021 e 2022 (2ª fase) (BOP 13/09/2024) conforme aos fundamentos xurídicos expostos, polo que procede realizar as rectificacións procedentes recollidas nos propios fundamentos, incluídas as referidas aos erros detectados de oficio, e que se recollerán no ANEXO-RECTIFICACIÓNS incorporado ao presente acordo.

TERCEIRO.- Desestimar os recursos de reposición presentados por A. García Roca, D. Marcos Lorenzo, R. Soler Vidal, Y. Alonso Souto, Fundación Integra, Federación Aspace Galicia e B. Domínguez Montenegro conforme aos fundamentos xurídicos expostos.

CUARTO.- Inadmitir por extemporáneo o recurso presentado por B. Argibay Cusi, conforme aos fundamentos xurídicos expostos.

QUINTO.- Ordenar a realización das publicacións nos boletíns e diarios oficiais que correspondan, dispoñendo a súa inserción na web municipal www.vigo.org e na Intranet Municipal aos efectos do seu público coñecemento.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO-RECTIFICACIÓNS

SARXENTA/O EXTINCIÓN DE INCENDIOS

(QUENDA LIBRE)

-Rectifícanse os seguintes apartado:

VI.- Fase de concurso.

1.- Experiencia: Ter prestado servizos como sarxento, cabo, bombeiro, bombeiro-condutor ou bombeiro especialista en calquera administración pública como profesional e sen sanción por falta grave ou moi grave (ata un máximo de 6 puntos):

- 0,005 puntos por cada mes de servizo como bombeiro ou condutor bombeiro ata un máximo de 1,60 puntos.
- 0,01 puntos por cada mes de servizo como cabo ata un máximo de 2,00 puntos.
- 0,015 puntos por cada mes de servizo como sarxento ata un máximo de 2,40 puntos.

VIII.- Orde de prelación das persoas aspirantes. Distribución da puntuación sobre a base 10.

A puntuación obtida na fase de concurso representará o 10 por cento da puntuación máxima alcanzable para todas as probas sobre a base de 10 puntos.

A puntuación obtida no primeiro exercicio representará o 30 por cento da puntuación máxima alcanzable para todas as probas sobre a base de 10 puntos.

A puntuación obtida no segundo exercicio (aptitude física) representarán o 20 por cento da puntuación máxima alcanzable para todas as probas sobre a base de 10 puntos.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1808/1102

Concurso-oposición							
Concurso		Oposición					
Experiencia	Formación	Primeiro exercicio	Segundo exercicio	Terceiro exercicio	Cuarto exercicio	Quinto exercicio	Sexto exercicio
0-6 puntos	0-4 puntos	Teórico	Suposto teórico-práctico	Aptitude física	Lingua galega	Probas psicotécnicas	Recoñecemento médico
0-10 puntos		0-10 puntos	0-10 puntos	0-10 puntos	apto/non apto	apto/non apto	apto/non apto
10,00%		35,00%	20,00%	35,00%			
10,00%		90,00%					

A relación de persoas aprobadas por orde de puntuación farase de conformidade coa base 10ª das xerais.

CABO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS

-Rectifícanse os seguintes apartados:

QUENDA LIBRE:

I.- Número de prazas: 1

QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA

I.- Número de prazas: 3

AUXILIAR ADMINISTRACIÓN XERAL

-Rectifícanse os seguintes apartados:

VIII.—FASE DE OPOSICIÓN PARA PROMOCIÓN INTERNA (dentro deste apartado egádense un terceiro e cuarto exercicio ademais dos dous xa recollidos nas bases específicas).

Terceiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá nunha proba de coñecementos de informática a nivel usuario/a de contornos operativos Windows, Linux ou similares, manexo de ferramentas de ofimática (Open Office ou similar) e de utilidades básicas de internet en ditos contornos (navegación, correo electrónico, etc), no tempo que estableza o órgano de selección. Esta proba cualificarase de conformidade cun baremo obxectivo que estableza o órgano de selección antes de iniciarse o exercicio, que deberá comunicárselles ós/as aspirantes no momento de comezar a proba e incluírse na correspondente acta.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Cuarto exercicio- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento do idioma galego, que se realizará conforme ao previsto na base 10ª das xerais que determinará o de selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

A persoa aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba quedará excluída do proceso selectivo.

Estarán exentas da realización deste exercicio as persoas aspirantes que acrediten no prazo de presentación de instancias, posuír o título CELGA 3 ou equivalente homologado, segundo o disposto na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Anexo I), aos que se lle asignarán 2 puntos.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dous (2) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de un (1) punto.

TÉCNICA/O DE ADMINISTRACIÓN XERAL

NÚMERO DE PRAZAS: 6 (Cinco pola quenda libre, dúas delas reservadas a persoas con diversidade funcional, e unha reservada para a quenda de promoción interna.

-Rectifícase o seguinte apartado:

VII.- ORDE DE PRELACIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES PARA A QUENDA LIBRE.

A cualificación dos tres primeiros exercicios será de 0 a 10 puntos; quedará eliminado a persoa aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada un deles. A cualificación do cuarto e quinto exercicio será de 0 a 2 puntos, de conformidade co previsto na base X das xerais.

A puntuación final obterase sumando as puntuacións de cada un dos exercicios, sendo o total sobre a base de 34 puntos.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1808/1102

A relación de persoas aprobadas por orde de puntuación farase de conformidade coa base 10ª das xerais.

DIPLOMADO/A TRABALLO SOCIAL

A vixente normativa [art. 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril; Resolución de Alcaldía de estrutura da administración do Concello de Vigo: delegación de competencias (2023-2027) de data 19/06/23 (BOPPO núm. 123 do 27 de xuño de 2023), modificada polas Resolucións do 28/06/2023 (BOPPO núm. 129 do 5 de xullo de 2023) e do 28/06/2024 (BOPPO núm. 134 do 10 de xullo de 2024); Resolución de Alcaldía de delegación de competencias xenéricas en concelleiras/os de Área de Goberno e concelleiras/os delegadas/os de data 20/06/2023 (BOPPO núm. 124 do 28 de xuño de 2023); Resolución de Alcaldía de delegación de competencias específicas do Alcalde na Primeira Tenente Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade de data 30/06/2023 (BOPPO núm. 136 do 14 de xullo de 2023), modificada pola Resolución do 28/06/2024 (BOPPO núm. 133 do 9 de xullo de 2024); Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023 de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas/os concelleiras/os de Área de Goberno e nas/os concelleiras/os delegadas/os (BOPPO núm. 129 do 5 de xullo de 2023), modificado polos Acordos do 28/07/2023 (BOPPO núm. 164 de 25 de agosto de 2023) e do 28/06/2024 (BOPPO núm. 134 do 10 de xullo de 2024)], atribúe á concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, entre outras, a seguinte competencia en materia de igualdade: **“Concesión das axudas económicas a favor das vítimas de violencia de xénero, sempre que exista acordo previo da Xunta de Goberno Local de aprobación dos respectivos programas e a correspondente autorización do gasto”.**

O IV Plan de Igualdade do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno da Corporación Municipal o día 25 de novembro de 2009 e vixente na actualidade por acordo da Xunta de Goberno Local do día 25 de xaneiro de 2013, contempla, entre os seus obxectivos específicos: *garantir e mellorar a atención integral ás mulleres vítimas da violencia de xénero*, e entre as

actuacións a poñer en marcha: *potenciación e incremento dos recursos específicos de atención e axuda ás mulleres vítimas de violencia.*

Consciente da necesidade de actuar contra a violencia de xénero, e no marco das súas competencias, o Concello de Vigo veu a desenvolver unha liña de actuación, xa consolidada, na que é prioritaria a abordaxe do fenómeno da violencia desde diversos dispositivos e programas municipais. Así, a través da Concellería de Igualdade, lévanse a cabo programas de prevención e sensibilización, ademais da posta en marcha dunha serie de servizos e programas de atención e tratamento específico e integral da violencia de xénero. Cabe salientar o labor desenvolto polo *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller*, desde o cal se ofrece apoio e asesoramento xurídico, psicolóxico e social, e que se complementa con dispositivos de acollemento como o Centro de Emerxencia ou a Rede municipal de vivendas de protección dirixidos a mulleres en situación de violencia de xénero.

Para que o acollemento e a atención sexa integral, a intervención non só debe comprender aspectos psicolóxicos, educativos, sociolaborais e xurídicos, senón que existen aspectos económicos de carácter urxente que deben ser cubertos para que as mulleres que están a padecer violencia de xénero, ou se atopan no proceso de recuperación das secuelas da violencia de xénero que, en moitas ocasións, se prolongan no tempo máis alá da ruptura, logren acadar unha vida autónoma.

A maior parte das usuarias da rede municipal de atención e acollemento para mulleres vítimas de violencia de xénero, son mulleres con cargas familiares en situación económica precaria. A falta de cualificación profesional, a dependencia económica e afectiva co agresor, a baixa autoestima, a responsabilidade de ter ao seu coidado a menores ou persoas dependentes, o medo, e as propias limitacións do mercado de traballo, fan que as posibilidades de resolución autónoma da súa vida sexan enormemente dificultosas. Así, a experiencia acumulada de máis de dúas décadas de traballo, indica a necesidade de que por parte da Administración se lles recoñeza o dereito a unha axuda económica temporal que lles facilite unha vida autónoma, independente e favoreza a ruptura co agresor ou favorezan o proceso de recuperación das secuelas da violencia de xénero que, en moitas ocasións, se prolongan no tempo máis alá da ruptura,

Para acadar este fin propónse a aprobación das Bases para o desenvolvemento dos procedementos aplicables para o outorgamento das axudas directas non periódicas para mulleres en situación de violencia de xénero no ano 2025, no marco definido pola normativa reguladora das subvencións públicas e de acordo cos criterios normativos aprobados polo Concello de Vigo de forma específica, en relación coas subvencións, dentro das Bases de execución orzamentaria.

Ao abeiro do previsto no art. 56 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Base 29ª de execución do orzamento xeral do exercicio 2024 propónse tramitar este expediente como anticipado de gasto.



Concello de Vigo

A finalidade deste programa é dotar as mulleres dunha axuda económica temporal, non periódica, que lles permita afrontar os gastos máis urxentes e básicos na ruptura da relación violenta, así como no proceso de recuperación das secuelas da violencia de xénero que, en moitas ocasións, se prolongan no tempo máis alá da ruptura. Estas axudas económicas poderán utilizarse para facer fronte aos seguintes gastos: cartos mensuais de peto, lavandería, alimentación, hospedaxe, hixiene, farmacia, alugueiro, transporte, traslados de seguridade, actividades formativas, actividades extraescolares, subministros da vivenda, enxoval e/ou outras necesidades urxentes e inmediatas.

No caso extremo de que a muller faleza ou sufra lesións físicas ou psíquicas que lle imposibiliten ser a beneficiaria, as axudas se poderán destinar a facer fronte principalmente a gastos de alimentación, hixiene ou vivenda para as persoas que convivisen coa vítima e dependesen economicamente dela.

Correspóndelle á traballadora social do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller* do Concello de Vigo, ou á profesional do Servizo de Igualdade competente en cada caso, informar, asesorar, e orientar ás mulleres interesadas en todo o relacionado cos requisitos, características, documentación necesaria, contías, etc., deste réxime de axudas, así como realizar a valoración profesional e a proposta de concesión.

As axudas económicas que se concedan ao abeiro desta convocatoria terán necesariamente carácter temporal e non periódico, para atender situacións concretas derivadas do proceso de recuperación das mulleres vítimas da violencia de xénero valoradas polo equipo multidisciplinar do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller* do Concello de Vigo.

A concesión destas axudas imputarase á seguinte aplicación orzamentaria do orzamento do Servizo de Igualdade previsto para o ano 2025 polo seguinte importe:

Aplicación orzamentaria:	Importe	Exercicio económico
"Bolsas económicas" 2311 4800000	20.000,00 €	2025

Non obstante, de se producir un incremento na demanda que xere un gasto superior ao previsto, ampliarase o crédito orzamentario na medida en que fose necesario, sempre que existan recursos financeiros suficientes e de acordo coa legalidade vixente en materia orzamentaria.

O réxime xurídico no que se enmarca este programa de actuación é conforme co disposto na normativa sobre subvencións: Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu Regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xuño, Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como nas Bases de execución do orzamento vixente do Concello de Vigo.

Por isto, este expediente, tramitado como anticipado de gasto (Base 29ª das Bases de execución do Orzamento Xeral do ano 2024), establece o marco de actuación para o procedemento aplicable ao longo do ano 2025, no marco xurídico definido pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Constan os obxectivos, a clasificación das axudas, os requisitos e as obrigas das beneficiarias así como as peculiaridades da xestión destas subvencións directas. Contémplanse, igualmente, as contías máximas das axudas directas e a posibilidade de compatibilizalas con outras subvencións.

En relación co cumprimento dos procedementos para a concesión directa establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o presente expediente contempla os principios recollidos no artigo 26.2 da citada Lei.

Ao amparo do artigo 13.2.e) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, atendendo á natureza destas axudas, para obter a condición de beneficiaria exceptúase o requisito de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

O Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, establece un réxime específico previsto para aqueles casos nos que a BDNS poida conter información ou datos especialmente protexidos e recoñece o dereito de ocultación que asiste ás persoas físicas suxeitas a unha situación de protección especial. Así, no seu artigo 7.5 b) establécese que non se publicarán as subvencións ou axudas públicas concedidas a persoas físicas cando *“a persoa física se atope nunha situación de protección especial que poida verse agravada coa cesión ou publicación dos seus datos persoais, en particular, cando sexa vítima de violencia de xénero ou de outras formas de violencia contra a muller”*.

Polo dito, non se rexistrará información da concesións destas axudas na BDNS, nin no Portal de Transparencia do “Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións”, sen menoscabo do deber de rexistrar a convocatoria nos anteditos portais.

O crédito previsto, a liña estratéxica, os obxectivos estratéxicos, os sectores ou colectivos aos que van dirixidas, o réxime de seguimento e control e a modalidade de concesión destas axudas están previstos no Plan Estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 8 de marzo de 2024. Concretamente, estas subvencións están incluídas na liña estratéxica (2.5) Víctimas de violencia de xénero.

Polo exposto, e previos os preceptivos informes xurídico e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º Aprobar as Bases do *Programa de axudas económicas directas de apoio para mulleres en situación de violencia de xénero para o ano 2025* que se recollen no Anexo I do expediente 13475-224.



Concello de Vigo

2º Autorizar a tramitación deste expediente como anticipado de gasto, de acordo co previsto no art. 56 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo e na Base nº 29ª de execución do Orzamento Xeral Municipal.

3º Autorizar o gasto por importe de 20.000,00 euros (vinte mil euros), con cargo á aplicación orzamentaria “*Bolsas económicas*” 2311 480.00.00 do orzamento do Servizo de Igualdade previsto para o exercicio 2025, para poder facer fronte aos gastos que orixina a concesión das axudas económicas directas de apoio para as mulleres en situación de violencia de xénero.

4º Aprobar o texto da convocatoria do *Programa de axudas económicas directas de apoio para mulleres en situación de violencia de xénero para o ano 2025* e do extracto da mesma (Anexos II e III), que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións, conforme ao establecido na Resolución do 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas.

5º Autorizar a realización dun libramento a xustificar por importe máximo de 20.000,00 euros, a nome das funcionarias adscritas ao Servizo de Igualdade: Cristina Gómez García, con DNI número ***9888**, María del Mar Soto García, con DNI número ***4079** e Rosa María Gamallo Rey con DNI número ***5191**, para poder facer fronte aos anteditos gastos, que se farán efectivos na conta restrinxida da Tesourería Municipal.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

BASES DO PROGRAMA DE AXUDAS ECONÓMICAS DIRECTAS DE APOIO PARA MULLERES EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2025

PRIMEIRA.- Obxecto

Estas Bases teñen por obxecto fixar os criterios e regulamentar o procedemento aplicable para o outorgamento de axudas económicas directas de carácter non periódico para mulleres en situación de violencia de xénero no ano 2025.

SEGUNDA.- Finalidade das axudas

A finalidade destas axudas é apoiar as mulleres en situación de violencia de xénero para que poidan afrontar unhas necesidades económicas derivadas principalmente desta violencia, contribuíndo a apoiar tanto o proceso de ruptura co agresor, como o proceso de recuperación das súas secuelas (físicas, psicolóxicas, sociais, etc.), que en moitas ocasións

se prolonga máis alá da ruptura, e sempre que, a xuízo dos servizos municipais de atención á muller, non poidan ser cubertas pola beneficiaria.

Este programa diríxese ás mulleres en situación de violencia de xénero, ou que estean en proceso de recuperación das súas secuelas (físicas, psicolóxicas, sociais, etc.) que sexan usuarias dos dispositivos municipais de atencións ás mulleres do Concello de Vigo.

No caso extremo de que a muller faleza ou sufra lesións físicas ou psíquicas que lle imposibiliten ser beneficiaria, as axudas poderanse destinar a facer fronte principalmente a gastos de alimentación, hixiene ou vivenda para as persoas que convivisen coa vítima e dependesen economicamente dela.

Todas as axudas concedidas terán o carácter de temporais, non periódicas, e poderán facer fronte aos seguintes gastos: cartos mensuais de peto, lavandería, alimentación, hospedaxe, hixiene, farmacia, alugueiro, transporte, traslados de seguridade, actividades formativas, actividades extraescolares, subministros da vivenda, enxoval e/ou outras necesidades urxentes e inmediatas.

TERCEIRA.- Beneficiarias

a) Mulleres en situación de violencia de xénero ou en proceso de recuperación das súas secuelas (físicas, psicolóxicas, sociais, etc.), que estean a ser atendidas nos dispositivos específicos de atención ás mulleres do Concello de Vigo: Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, Centro de Emerxencia e/ou Rede Municipal de Vivendas de Protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.

b) No caso de que a muller padeza lesións psíquicas ou físicas que lle imposibiliten a recepción da axuda, esta poderase conceder a algunha persoa da súa familia.

c) No caso extremo de que a muller faleza, con carácter excepcional, poderase conceder a axuda económica ás persoas que conviviran coa vítima e dependesen economicamente dos seus ingresos, coordinando o caso cos servizos sociais de atención primaria. Cando sexan fillos e fillas menores de idade os/as que convivisen coa nai, o beneficiario/a da axuda será a persoa adulta que se responsabilice dos/as menores.

As circunstancias descritas nos apartados b) e c) deberán acreditarse no informe técnico de proposta da axuda.

CUARTA.- Requisitos

Os requisitos para acceder a estas axudas son os seguintes:

1º.- Ser maior de idade ou persoa menor emancipada.

2º.- Estar en situación de violencia de xénero ou estar en proceso de recuperación das súas secuelas (físicas, psicolóxicas, sociais, etc.), proceso que, en moitas ocasións, se prolonga máis alá da ruptura da relación violenta. Esta situación será valorada polo equipo profesional do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller*. Tamén poderá acreditarse por



Concello de Vigo

calquera das formas previstas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, ou na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

3º.- Residir no termo municipal de Vigo.

4º.- Non dispoñer de ingresos económicos suficientes para afrontar os gastos para os que solicita a axuda, a valoración do equipo multidisciplinar do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller*.

5º.- Ter debidamente xustificadas as axudas concedidas con anterioridade.

6º.- Presentar a solicitude e toda a documentación acreditativa da necesidade e da situación de violencia de xénero que demande o equipo multidisciplinar do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller ou ben autorizar ao Concello de Vigo (Servizo de Igualdade) para obter das Administracións públicas e organismos públicos e privados a información e documentos necesarios para a tramitación e resolución da súa solicitude.

Tendo en conta a natureza destas axudas, ao abeiro do disposto no art. 13.2 da Lei 38/2003, exceptúase o requisito de estar o corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social para obter a condición de beneficiaria.

QUINTA.- Crédito orzamentario

A cantidade máxima destinada a este programa será 20.000,00 euros (vinte mil euros) que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria “Bolsas económicas” 2311.480.00.00 do orzamento do Servizo de Igualdade do Concello de Vigo aprobado para o exercicio 2025.

Non obstante, de se producir un incremento na demanda que xere un gasto superior ao previsto, incrementarase o crédito orzamentario na medida en que fose necesario, sempre que existan recursos financeiros suficientes e de acordo coa normativa vixente en materia orzamentaria.

SEXTA.- Contía das axudas e procedemento de concesión e valoración

O procedemento de concesión destas axudas iniciarase de oficio ou por solicitude da persoa interesada presentada no Rexistro Xeral Municipal ou por calquera dos medios indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas.

Correspóndelle á traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller do Concello de Vigo, ou profesional do Servizo de Igualdade competente en cada caso, informar, asesorar e orientar ás mulleres interesadas en todo o relacionado cos requisitos, características, documentación necesaria, contías, etc., deste réxime de axudas, así como realizar a valoración profesional e a proposta de concesión.

No informe técnico emitido deberán quedar acreditadas as limitacións económicas que ten a beneficiaria para facer fronte aos gastos para os que solicita a axuda, gastos extraordinarios

aos que tivese que facer fronte, débedas de vivenda e/ou subministros da vivenda, así como, se procede, a imposibilidade de que as necesidades reflectidas no informe sexan atendidas con urxencia polos servizos sociais de atención primaria ou por outras Administracións públicas.

Esta axuda é compatible con outras axudas de carácter público e/ou privado.

O importe máximo por beneficiaria e ano establécese en 600 €, agás causas urxentes debidamente xustificadas. O pago da axuda concedida poderase realizar en pagos fraccionados atendendo á valoración realizada polos servizos municipais de atención ás mulleres.

A concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade será quen teña a facultade para resolver sobre a aprobación ou denegación destas axudas.

Unha vez concedida a axuda, a beneficiaria disporá dun prazo de dez (10) días desde a recepción desta para presentar a xustificación perante a traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, mediante facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado. Este prazo poderase prorrogar atendendo a causas xustificadas valoradas polos servizo municipal de atención á muller. A traballadora social ou, na súa ausencia, a profesional do Servizo de Igualdade competente en cada caso, comprobará que queda xustificado o gasto e a finalidade da axuda concedida.

SÉTIMA.- Gastos subvencionables

As axudas concedidas con cargo a este programa teñen carácter temporal e non periódico, para abordar aspectos concretos derivados da situación de violencia de xénero tanto no momento da ruptura da relación violenta, como no proceso de recuperación das súas secuelas (físicas, psicolóxicas, sociais, etc.), proceso que, en moitas ocasións, se prolonga no tempo máis alá da ruptura. A situación será valorada polas profesionais do equipo multidisciplinar do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller* do Concello de Vigo.

Estas axudas poderán facer fronte aos seguintes gastos: cartos mensuais de peto, lavandería, alimentación, hospedaxe, hixiene, farmacia, alugueiro, transporte, traslados de seguridade, actividades formativas, actividades extraescolares, subministros da vivenda, enxoval e/ou outras necesidades urxentes e inmediatas.

A concesión dunha destas axudas non da dereito por si mesma á concesión doutra polo mesmo concepto. Tampouco poderán ser invocadas como precedente.

OITAVA.- Presentación de solicitudes e prazo

As interesadas poderán presentar as súas solicitudes de axuda a través do Rexistro Xeral Municipal ou por calquera dos medios indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas. Presentaranse no modelo oficial (Anexo I-A) debidamente cubertas e asinadas pola solicitante.



Concello de Vigo

O Servizo municipal de Igualdade poderá iniciar de oficio o procedemento para a concesión da axuda ante causas excepcionais que imposibiliten á interesada presentar a solicitude (enfermidade, desprazamento fóra do Concello de Vigo, etc.) ou por da urxencia da situación que así o motive.

Poderán presentarse solicitudes desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e ata o día 26.12.2025, incluído.

NOVENA.- Solicitude de fondos

O Servizo de Igualdade solicitará o inicio do correspondente expediente de gastos a xustificar para a concesión destas axudas, que se farán efectivas na conta restrinxida da Tesourería municipal con cargo á aplicación orzamentaria núm. 2311.480.00.00 do orzamento do Servizo de Igualdade aprobado para o exercicio 2025.

DÉCIMA.- Obrigas das persoas beneficiarias

1. Aplicar a axuda á finalidade para a que foi concedida.
2. Permitir e facilitar o labor do persoal designado para comprobar a situación económica e familiar da posible beneficiaria.
3. Comunicar os cambios que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou acumulación da axuda.
4. Reintegrar o importe da axuda indebidamente percibida ou en contía indebida.
5. Cumprir as condicións e obrigas específicas determinadas polas profesionais do equipo multidisciplinar do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller*.
6. Presentar as facturas xustificativas da axuda recibida no prazo indicado para tal efecto.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Publicidade das axudas concedidas

O Real Decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, establece un réxime específico previsto para aqueles casos nos que a BDNS poida conter información ou datos especialmente protexidos e recoñece o dereito de ocultación que asiste ás persoas físicas suxeitas a unha situación de protección especial. Así, o seu artigo 7.5 b) establece que non se publicarán as subvencións ou axudas públicas concedidas a persoas físicas cando *“a persoa física se atope nunha situación de protección especial que poida verse agravada coa cesión ou publicación dos seus datos persoais, en particular, cando sexa vítima de violencia de xénero ou de outras formas de violencia contra a muller”*.

Polo dito, non se rexistrará información das concesións deste programa de axudas na BDNS, nin no Portal de Transparencia do “Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións”, sen menoscabo do deber de rexistrar a convocatoria nos anteditos portais.

DÉCIMO SEGUNDA.- Xustificación das axudas

a) Lugar: as beneficiarias xustificarán as axudas concedidas presentando perante o equipo multidisciplinar do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller* (CMIDM) a documentación que se indica no seguinte apartado.

b) Documentación: as axudas concedidas quedarán xustificadas coa presentación do DNI, ou outro documento oficial de identidade e as facturas ou comprobantes do gasto efectuado. No caso de que a axuda fose concedida para cubrir gastos de necesidades básicas, como poden ser os cartos de peto ou manutención, os documentos acreditativos dos gastos realizados quedarán baixo a custodia do equipo multidisciplinar do CMIDM, podendo ser consultados pola Intervención Xeral.

c) Prazo: a beneficiaria disporá dun prazo de dez (10) días desde a recepción da axuda para presentar a xustificación no *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller*, mediante facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado. O equipo multidisciplinar do CMIDM comprobará que queda xustificado o gasto e a finalidade da axuda concedida.

DÉCIMO TERCEIRA.- Departamento responsable

Concellería de Igualdade: Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller en coordinación co Servizo de Igualdade do Concello de Vigo

DÉCIMO CUARTA.- Avaliación e seguimento

No expediente de concesión da subvención deberá incluírse a proposta fundamentada da necesidade da axuda e a súa contía.

O seguimento da utilización e destino das axudas corresponderalle á traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller ou á profesional do Servizo de Igualdade competente en cada caso.

Co obxecto de realizar a valoración e o seguimento deste programa de axudas, elaborárase unha memoria anual que reflicta cando menos:

- Número de beneficiarias
- Finalidade das axudas
- Importe das axudas concedidas
- Seguimento do destino das axudas
- Solicitudes denegadas: número e motivo

ANEXO I-A



IMPRESO DE SOLICITUDE

**PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS
ECONÓMICAS DIRECTAS PARA MULLERES
EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO
ANO 2025**

CONCELLERÍA DE IGUALDADE

registro Selo

SEÑOR/A ALCALDE/SA-PRESIDENTE/A DO CONCELLO DE VIGO

SOLICITANTE	* DNI/NIE/Pasaporte	* Nome e apelidos	* Teléfono 1		Teléfono 2		
	ENDEREZO FISCAL						
	* Nome da rúa, praza, etc.	* Núm.	Portal	Escaleira	* Piso	* Porta	* Cód. Postal
	Parroquia	* Municipio	* Data nacemento	* País nacemento	Correo electrónico		

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN									
Nome da rúa, praza, etc.				Número	Portal	Escaleira	Piso	Porta	Cód. Postal
Parroquia	Municipio	Provincia			Correo electrónico				

REPRESENTANTE	DNI ou CIF	Nome e apelidos ou razón social	Teléfono 1		Teléfono 2					
	Nome da rúa, praza, etc.				Número	Portal	Escaleira	Piso	Porta	Cód. Postal
	Parroquia	Municipio	Provincia			Correo electrónico				

*Campos que se deben cubrir obrigatoriamente.

SOLICITA:

Unha axuda económica con cargo ao PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS ECONÓMICAS DIRECTAS PARA MULLERES EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO (ano 2025) da Concellería de Igualdade, para (indicar concepto e importe solicitado):

Para o que achega a seguinte documentación:

.....

.....

.....

Pode consultar o estado da súa solicitude accedendo a Oficina Virtual do Concello na web www.vigo.org. Tamén pode recibir información adicional indicando o método desexado:

Mensaxe (SMS) ao móbil
 Correo electrónico.

DECLARA:

1º Que coñezo e acepto as Bases do *Programa municipal de axudas económicas directas para mulleres en situación de violencia de xénero do ano 2025* da Concellería de Igualdade.

2º Que non estou incurso nas prohibicións legais para ser beneficiaria de subvencións públicas e que os datos que figuran nesta solicitude son certos.

As persoas que de seguido se relacionan autorizan ao Concello de Vigo (Servizo de Igualdade) a obter das Administracións Públicas e organismos públicos e privados a información e documentos necesarios para a tramitación e resolución desta solicitude, de acordo coas Bases do programa.

Nome e apelidos	Núm. DNI/ NIE/ Pasaporte	Sinatura

(Sinatura da solicitante)

Vigo, de de 2025

De conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, informámola dos seguintes extremos:

Os datos de carácter persoal que achegue serán obxecto do tratamento dos ficheiros responsabilidade do Concello de Vigo.

A finalidade do tratamento é xestionar o programa municipal de axudas económicas dirixidas a mulleres en situación de violencia de xénero ou en proceso de recuperación das súas secuelas (físicas, psicolóxicas, sociais, etc), que en moitas ocasións se prolonga máis alá da ruptura. Estes datos non serán cedidos a terceiros, salvo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

Pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do ficheiro. No caso de descoñecer este órgano, a solicitude dirixírase a dpd.vigo@vigo.org.

Así mesmo, as persoas usuarias teñen dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

ANEXO II

CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS ECONÓMICAS DIRECTAS DE APOIO PARA MULLERES EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2025

PRIMEIRA.- Bases reguladoras

As Bases reguladoras do *Programa de axudas económicas directas de apoio para mulleres en situación de violencia de xénero para o ano 2025*, aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo publicáronse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número -----

SEGUNDA.- Crédito orzamentario



Concello de Vigo

A cantidade máxima destinada a este programa será 20.000,00 euros (vinte mil euros) que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria “Bolsas económicas” 2311.480.00.00 do orzamento do Servizo de Igualdade do Concello de Vigo aprobado para o exercicio 2025.

TERCEIRA.- Obxecto e finalidade

A finalidade destas axudas é apoiar as mulleres en situación de violencia de xénero para que poidan afrontar unhas necesidades económicas derivadas principalmente desta violencia, contribuindo a apoiar tanto o proceso de ruptura co agresor, como o proceso de recuperación das súas secuelas (físicas, psicolóxicas, sociais, etc.), que en moitas ocasións se prolonga máis alá da ruptura, e sempre que, a xuízo dos servizos municipais de atención á muller, non poidan ser cubertas pola beneficiaria. Todas as axudas concedidas terán o carácter de temporais, non periódicas.

CUARTA.- Beneficiarias

O programa diríxese ás mulleres en situación de violencia de xénero ou que estean en proceso de recuperación das súas secuelas (físicas, psicolóxicas, sociais, etc.), usuarias dos dispositivos municipais de atención ás mulleres do Concello de Vigo.

QUINTA.- Gastos subvencionables

As axudas concedidas poderán facer fronte aos seguintes gastos: cartos mensuais de peto, lavandería, alimentación, hospedaxe, hixiene, farmacia, alugueiro, transporte, traslados de seguridade, actividades formativas, actividades extraescolares, subministros da vivenda, enxoval e/ou outras necesidades urxentes e inmediatas.

SEXTA.- Requisitos

Os requisitos para acceder a estas axudas son os seguintes:

1º.- Ser maior de idade ou persoa menor emancipada

2º.- Estar en situación de violencia de xénero ou estar en proceso de recuperación das súas secuelas (físicas, psicolóxicas, sociais, etc.), proceso que, en moitas ocasións, se prolonga máis alá da ruptura da relación violenta. Esta situación será valorada polo equipo profesional do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller. Tamén poderá acreditarse por calquera das formas previstas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, ou na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

3º.- Residir no termo municipal de Vigo

4º.- Non dispoñer de ingresos económicos suficientes para afrontar os gastos para os que solicita a axuda, a valoración do equipo multidisciplinar do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller*.

5º.- Ter debidamente xustificadas as axudas concedidas con anterioridade.

6º.- Presentar a solicitude e toda a documentación acreditativa da situación de necesidade e da situación de violencia de xénero que demande o equipo multidisciplinar do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller ou ben autorizar ao Concello de Vigo (Servizo de Igualdade) para obter das Administracións públicas e organismos públicos e privados a información e documentos necesarios para a tramitación e resolución da axuda.

SÉTIMA.- Contía das axudas

O importe máximo destas axudas por beneficiaria e ano establécese en 600 €, agás causas urxentes debidamente xustificadas. O pago da axuda concedida poderase realizar en pagos fraccionados atendendo á valoración realizada polos servizos municipais de atención ás mulleres.

OITAVA.- Presentación de solicitudes e prazo

As interesadas deberán presentar as súas solicitudes de axuda a través do Rexistro Xeral municipal ou por calquera dos medios indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas. Presentaranse no modelo oficial (Anexo I-A) debidamente cumprimentadas e asinadas pola solicitante.

O Servizo municipal de Igualdade poderá iniciar de oficio o procedemento para a concesión da axuda ante causas excepcionais que imposibiliten á interesada presentar a solicitude (enfermidade, desprazamento fóra do Concello de Vigo, etc.) ou por da urxencia da situación que así o motive.

O prazo de presentación comezará o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e finalizará o 26 de decembro de 2025, incluído.

NOVENA.- Publicidade

O Real Decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, establece un réxime específico previsto para aqueles casos nos que a BDNS poida conter información ou datos especialmente protexidos e recoñece o dereito de ocultación que asiste ás persoas físicas suxeitas a unha situación de protección especial. Así, o seu artigo 7.5 b) establece que non se publicarán as subvencións públicas concedidas a persoas físicas cando *“a persoa física se atope nunha situación de protección especial que poida verse agravada coa cesión ou publicación dos seus datos persoais, en particular, cando sexa vítima de violencia de xénero ou de outras formas de violencia contra a muller”*.

Polo dito, non se rexistrará información das concesións deste programa de axudas na BDNS, nin no Portal de Transparencia do “Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións”, sen menoscabo do deber de rexistrar a convocatoria nos anteditos portais.



Concello de Vigo

ANEXO III

EXTRACTO DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS ECONÓMICAS DIRECTAS DE APOIO PARA MULLERES EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2025

Extracto do acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de data, polo que se aproba a convocatoria do *Programa de axudas económicas directas de apoio para mulleres en situación de violencia de xénero para o ano 2025*

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións.

PRIMEIRA.- Bases reguladoras

As Bases reguladoras do *Programa de axudas económicas directas de apoio para mulleres en situación de violencia de xénero para o ano 2025* publicáronse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número

O texto da convocatoria e o seu extracto remítense á Base de Datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma para a súa publicación oficial. Ao mesmo, publicaranse no Portal de Transparencia e Bo Goberno do Concello de Vigo.

SEGUNDA.- Crédito orzamentario

A cantidade máxima destinada a este programa será 20.000,00 euros (vinte mil euros) que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria “Bolsas económicas” 2311.480.00.00 do orzamento do Servizo de Igualdade do Concello de Vigo aprobado para o exercicio 2025.

TERCEIRA.- Obxecto e finalidade

A finalidade destas axudas é apoiar as mulleres en situación de violencia de xénero para que poidan afrontar unhas necesidades económicas derivadas principalmente desta violencia, contribuindo a apoiar tanto o proceso de ruptura co agresor, como o proceso de recuperación das súas secuelas (físicas, psicolóxicas, sociais, etc.), que en moitas ocasións se prolonga máis alá da ruptura, e sempre que, a xuízo dos servizos municipais de atención á muller, non poidan ser cubertas pola beneficiaria. Todas as axudas concedidas terán o carácter de temporais, non periódicas.

CUARTA.- Beneficiarias

O programa diríxese ás mulleres en situación de violencia de xénero ou que estean en proceso de recuperación das súas secuelas (físicas, psicolóxicas, sociais, etc.), usuarias dos dispositivos municipais de atención ás mulleres do Concello de Vigo.

QUINTA.- Contía das axudas

O importe máximo por beneficiaria e ano establécese en 600 € agás causas urxentes debidamente xustificadas.

SEXTA.- Prazo de presentación das solicitudes

O prazo de presentación comezará o día seguinte da publicación oficial do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e finalizará o 26 de decembro de 2025, incluído.

15(1045).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO NA MODALIDADE DE ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS LIXEIROS PARA O DESENVOLVEMENTO DE SERVIZOS DO PARQUE MÓBIL DO CONCELLO DE VIGO. Expte.16421/445.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 26/12/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada o 20/12/2024, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro na modalidade de adquisición de vehículos lixeiros para o desenvolvemento de servizos do Parque Móbil do Concello de Vigo (16421-445)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro na modalidade de adquisición de vehículos lixeiros para o desenvolvemento de servizos do Parque Móbil do Concello de Vigo (16421-445)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 4 de novembro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o presente expediente de contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, para a contratación do SUBMINISTRO NA MODALIDADE DE ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS LIXEIROS PARA O DESENVOLVEMENTO DE SERVIZOS DO PARQUE MÓBIL DO CONCELLO DE VIGO.



Concello de Vigo

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas particulares asinado polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos e conformado polo Xefe da área de Servizos Xerais en data 08.07.2024.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 23.10.2024.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CENTO VINTE E CINCO MIL TRINTA EUROS con TRECE CÉNTIMOS (125.030,13 €), IVE engadido, sendo a partida correspondente ao IVE de 21.699,44 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 9202 6240000.- Adquisición de vehículos-, segundo a seguinte distribución de anualidades.

2024	125.030,13 €
------	--------------

Quinto.- Abrir o procedemento de adxudicación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 4 de decembro de 2024 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro na modalidade de adquisición de vehículos lixeiros para o desenvolvemento de servizos do Parque Móbil do Concello de Vigo (16421-445) na seguinte orde descendente:

- Lote 1

Ord e	Empresas licitadoras	PUNTUACIÓN TOTAL
1º	STELLANTIS & YOU ESPAÑA, S.A.U.	90,00
2º	TALLERES RODOSA, S.L.	20,33

- Lote 2

Orde	Empresas licitadoras	PUNTUACIÓN TOTAL
1º	STELLANTIS & YOU ESPAÑA, S.A.U.	100,00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, STELLANTIS & YOU ESPAÑA, S.A.U. (Lotes 1 e 2), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, STELLANTIS & YOU ESPAÑA, SA, o día 4 de decembro de 2024, que presenta a documentación requirida o 17 de decembro de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a constitución da mercantil e a declaración de non estar incurso en prohibición de contratar.
- A escritura de cambio de denominación social con obxecto social e a escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (24.024,00 € do lote 1 e 48.307,48 € do lote 2), presentan as contas do ano 2023 nas que o importe neto da cifra de negocios supera estas cantidades.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (24.024,00 € do lote 1 e 48.307,48 € do lote 2), presentan certificados de boa execución e facturas nos que a suma dos importes do ano 2022 supera estas cantidades.
- Seguro de caución por un importe (cada un) de 4.552,25 € que cobre a garantía definitiva requirida, tanto para o lote 1 como para o lote 2, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.
- Os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 20 de decembro de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



Concello de Vigo

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar STELLANTIS & YOU ESPAÑA, SA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por STELLANTIS & YOU ESPAÑA, SA, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de data 29 de novembro de 2024.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a STELLANTIS & YOU ESPAÑA, SA os lotes 1 e 2 do procedemento aberto para a contratación do subministro na modalidade de adquisición de vehículos lixeiros para o desenvolvemento de servizos do Parque Móbil do Concello de Vigo (16421-445) coas seguintes condicións:

- Lote 1:

- a) O prezo total do contrato é de 34.218,80 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.938,80 euros.*
- b) Propón un prazo de garantía de 2 anos sobre o mínimo esixido de tres (3) anos. (Total 5 años de garantía ofertado).*
- c) Propón como equipamento adicional fronte á seguridade para todos os vehículos:*
 - Sistemas de axuda a condución:*
 - Sistema alerta aviso do cinto de seguridade de ocupantes.*
 - Sistema de advertencia somnolencia e perda de atención.*
 - Sistemas de asistencia evasións colisións:*
 - Sistema detector marcha atrás da presenza de persoas ou obxectos detrás do vehículo.*

- Lote 2

- a) O prezo total do contrato é de 75.945,65 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 13.180,65 euros*
- b) Propón como equipamento adicional fronte á seguridade para todos os vehículos:*
 - Sistemas de axuda a condución:*

- *Sistema alerta aviso do cinto de seguridade de ocupantes.*
- *Sistema de advertencia somnolencia e perda de atención.*
- *Sistemas de asistencia evasións colisións:*
 - *Sistema detector marcha atrás da presenza de persoas ou obxectos detrás do vehículo.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(1046).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA E SERVIZOS AUXILIARES DE SOPORTE DOS ACTOS DOS REIS MAGOS NO NADAL 2025. Expte. 10303/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 26/12/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica e servizos auxiliares de soporte dos actos dos Reis Magos no Nadal 2025 (10303-335)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica e servizos auxiliares de soporte dos actos dos Reis Magos no Nadal 2025 (10.303-335)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 4 de novembro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:



Concello de Vigo

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de produción técnica e servizos auxiliares de soporte dos actos dos Reis Magos no Nadal 2025 (10.303-335).

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 17 de outubro de 2024, asinado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos, e o prego de cláusulas administrativas particulares do 28 de outubro de 2024, asinado pola técnica de Administración Xeral e a xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe do orzamento base de licitación 118.850,80 euros, sendo o valor estimado do contrato de 98.223,80 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis) na anualidade de 2025.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 4 de decembro de 2024 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica e servizos auxiliares de soporte dos actos dos Reis Magos no Nadal 2025 (10303-335) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Criterios avaliados mediante o uso de valor	Criterios avaliados mediante fórmula	Total
1	BTB SOLVE, SL	29 puntos	55 puntos	84 puntos
2	SACAFERRO, SL	29 puntos	37,69 puntos	66,69 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, BTB SOLVE, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, BTB SOLVE, SL, o 4 de decembro de 2024. Este presenta a documentación requirida os días 16 e 18 de decembro de 2024 dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación, na sesión do 20 de decembro de 2024, entendeu que BTB SOLVE, SL non cumprimentou adecuadamente o requirimento ao que se refire o artigo 150.2 da LCSP, e requiriu a mesma documentación ao licitador clasificado en segundo lugar, SACAFERRO, S.L.

Quinto.- Dentro do prazo concedido, o 20 de decembro de 2024, SACAFERRO, S.L. presenta a seguinte documentación:

- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira presentan a declaración do imposto de sociedades (cun volume de negocios no ano 2023 de 545.487,40 euros) así como as contas depositadas no Rexistro Mercantil dos anos 2019, 2020 e 2021).
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional presentan un informe emitido pola xefa do Departamento Administrativo da Alcaldía do Concello de Vigo de contratos similares por un importe total de 100.679,25 euros.
- Solicitud de retención de garantía no prezo do contrato por importe de 4.900,00 euros.

Incorporáronse de oficio ao expediente os certificados de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia nos que figura a escritura de constitución, o poder de representación, estar ao corrente nas súas obrigas tributarias coa AEAT e a ATRIGA e coa TGSS. Tamén foi incorporado o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

Sexto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 26 de decembro de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



Concello de Vigo

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en segundo lugar SACAFERRO, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SACAFERRO, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 22 e 28 de novembro de 2024, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar razón do acordo adoptado polo Mesa de Contratación na sesión do 20 de decembro de 2024 polo que se entendeu que BTB SOLVE, SL non cumprimentou adecuadamente o requirimento ao que se refire o artigo 150.2 da LCSP.

Segundo.- Adxudicar a SACAFERRO, S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica e servizos auxiliares de soporte dos actos dos Reis Magos no Nadal 2025 (10303-335) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 118.580,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 20.580,00 euros.*
- b) Non incrementa o valado perimetral esixido na cláusula 3.1a) do PPTP.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(1047).- ADXUDICACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DO PROXECTO DE NOVA GRADA DE GOL DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS. EXPTE.1995/441.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 26/12/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de nova grada de gol do Estadio Municipal de Balaídos (1995-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de nova grada de gol do Estadio Municipal de Balaídos (1995-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 30 de agosto de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación do “SERVIZO PARA A EXECUCIÓN DAS TAREFAS DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DO PROXECTO DE “NOVA GRADA DE GOL DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS”.

Segundo.- Prego de Prescricións Técnicas asinado pola Enxeñeira Industrial Municipal e polo Xefe de Área de Servizos Xerais en data 12.06.2024.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e asinado en data 28.08.2024.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe total de CENTO OITENTA E UN MIL DOUSCENTOS OITENTA E



Concello de Vigo

TRES EUROS CON CORENTA E UN CÉNTIMOS (181.283,41 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 31.462,41 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 9330.632.00.10 "INVESTIMENTOS MELLORA E. M.BALAIIDOS", proxecto de gasto 14933010, segundo a seguinte distribución de anualidades:

2024	12.457,33 €
2025	85.124,38 €
2026	83.701,70 €

Quinto.- Para posibilitar a execución do contrato proxectado, conforme ao cronograma de traballo previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 683,33 % e para a terceira anualidade nun 671,91 % .

Sexto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 4 de decembro de 2024 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas xa que non presentaron xustificación ningunha en prazo:

1. ATENEA, SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, SAU
2. ELETREINTAYUNO PREVENLAB, SLU

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de nova grada de gol do Estadio Municipal de Balaídos (1995-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	CÍES ATLÁNTICO, SLU	94,30
2	UTE JAVIER POZO FIDALGO - ESTUDIO A. MORENO, SL	88,49
3	INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, SL	80,98

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CÍES ATLÁNTICO, SLU, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CÍES ATLÁNTICO, SLU, o día 4 de decembro de 2024, que presenta a documentación requirida o 16 de decembro, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación, na sesión de data 20 de decembro de 2024, comprobada a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, acorda outorgarlle un prazo de 3 días naturais para que puidera emendar a documentación acreditativa da solvencia técnica e a dos medios persoais establecidos no apartado 5.F) do Anexo I (FEC) do PCAP.

O 23 de decembro de 2024 o licitador presenta a documentación requirida.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 26 de decembro de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



Concello de Vigo

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CÍES ATLÁNTICO, SLU, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CÍES ATLÁNTICO, SLU, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 5, 6 e 7 de novembro de 2024 e 29 de novembro de 2024, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar razón das exclusións adoptadas pola concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 4 de decembro de 2024, dos licitadores que deseguido se relacionan, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificando xa que non presentaron xustificación ningunha en prazo:

1. *ATENEA, SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, SAU*
2. *ELETREINTAYUNO PREVENLAB, SLU*

Segundo.- Adxudicar a CÍES ATLÁNTICO, SLU o procedemento aberto para a contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de nova grada de gol do Estadio Municipal de Balaídos (1995-441) por un prezo total de 146.132,56 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 25.361,85 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(1048).- ADXUDICACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN DE OBRA MUNICIPAL PARA O CONTROL E SEGUIMENTO DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE NOVA GRADA DE GOL DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS . EXPTE.1992/441.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 26/12/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras do proxecto de nova grada de gol do Estadio Municipal de Balaídos (1992-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras do proxecto de nova grada de gol do Estadio Municipal de Balaídos (1992-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 13 de setembro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou: *“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación do servizo para a execución das “TAREFAS DE ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN DE OBRA MUNICIPAL PARA O CONTROL E SEGUIMENTO DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “NOVA GRADA DE GOL DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS”.*

Segundo.- - Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado pola Enxeñeira Industrial Municipal e polo Xefe de Área de Servizos Xerais en data 07.06.2024.



Concello de Vigo

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e asinado en data 27.08.2024.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe total de “CATROCENTOS OITENTA MIL SEISCENTOS VINTE E UN EUROS CON SESENTA E OITO CÉNTIMOS (480.621,68 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 83.413,68 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 9330.632.00.10 “INVESTIMENTOS MELLORA E. M.BALAIIDOS”, proxecto de gasto 14933010, segundo a seguinte distribución de anualidades:

2024	17.542,67 €
2025	225.683,22 €
2026	237.395,79 €

Quinto.- Para posibilitar a execución do contrato proxectado, conforme ao cronograma de traballo previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 1.286,48 % e para a terceira anualidade nun 1.353,25 % .

Sexto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 27 de novembro de 2024 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras do proxecto de nova grada de gol do Estadio Municipal de Balaídos (1992-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	UTE CAPITEL ARQUITECTURA, INGENIERÍA E INNOVACIÓN, SL - EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, SL	93,89
2	G.O.C., S.A.	88,00
3	UTE GALAICONTROL, SL - CONSULTORA DE INGENIERIA MEDIOAMBIENTE Y ARQUITECTURA, SL	87,03

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE CAPITEL ARQUITECTURA, INGENIERÍA E INNOVACIÓN, SL - EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE CAPITEL ARQUITECTURA, INGENIERÍA E INNOVACIÓN, SL - EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, SL, o día 28 de novembro de 2024, que presenta a documentación requirida o 11 de decembro, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación, na sesión de data 20 de decembro, comprobada a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, acorda outorgar un prazo de 3 días naturais á UTE CAPITEL ARQUITECTURA, INGENIERÍA E INNOVACIÓN, SL - EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, SL para “emendar os medios persoais presentados na documentación de CAPITEL ARQUITECTURA, INGENIERÍA E INNOVACIÓN, SL, xa que no caso do arquitecto non presenta a vida laboral e as certificacións ou declaración responsable da licitadora e, no caso do enxeñeiro industrial non presenta as certificacións ou declaración responsable da licitadora”.

O licitador presentou nova documentación o 17 de decembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 26 de decembro de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



Concello de Vigo

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar *UTE CAPITEL ARQUITECTURA, INGENIERÍA E INNOVACIÓN, SL - EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, SL*, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por *UTE CAPITEL ARQUITECTURA, INGENIERÍA E INNOVACIÓN, SL - EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, SL*, de acordo co informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 15 e 21 de novembro de 2024, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar á UTE CAPITEL ARQUITECTURA, INGENIERÍA E INNOVACIÓN, SL - EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, SL o procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras do proxecto de nova grada de gol do Estadio Municipal de Balaídos (1992-441) por un prezo total de 375.100,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 65.100,00 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(1049).- PROPOSTA DE ADHESIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEGAMP E ADHESIÓN AO CONTRATO CENTRALIZADO DE SERVIZOS POSTAIS E TELEGRÁFICOS. 199/221.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 19/12/2024 e o informe-proposta de data 27/12/2024, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos, a xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía e conformado pola concelleira da Área de Goberno e pola letrada-titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Federación Galega de Municipios e Provincias (en adiante, FEGAMP) por acordo da Comisión Executiva, de data 21 de maio de 2024, aprobou a creación dunha Central de Contratación como un servizo especializado da Federación para os servizos postais e telegráficos necesarios no ámbito da FEGAMP e das súas entidades asociadas, así como os organismos autónomos e entes públicos dependentes deles, ao abeiro do previsto nos artigos 227 e 228 da Lei de Contratos do Sector Público.

Segundo.- A FEGAMP, licitou o procedemento aberto 67/2024 relativo ao contrato centralizado para a prestación de servizos postais a FEGAMP e as entidades asociadas, de conformidade co prego de cláusulas técnicas aprobado pola Comisión Executiva o 18 de xuño de 2024 e co prego de cláusulas administrativas particulares aprobado pola Comisión Executiva o 13 de agosto de 2024.

O citado contrato foi adxudicado a **SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS, S.A. S.M.E. (A-83.052.407)** o 18 de novembro de 2024. O contrato ten un prazo de duración de dous anos e prevé dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

Terceiro.- Mediante resolución do 12 de novembro de 2024 a concelleira delegada da Área de Contratación acordou iniciar a tramitación do expediente necesario para a adhesión á Central de contratación de FEGAMP para a contratación centralizada do servizo postal e telegráfico.

Cuarto.- Constan tamén no expediente:

- Memoria xustificativa da adhesión do Concello de Vigo á central de contratación da FEGAMP asinada o 27 de novembro de 2024 pola xefa do Departamento Administrativo da Alcaldía e conformidade da concelleira delegada de Atención á Cidadanía e a concelleira da Área de Seguridade,



Concello de Vigo

Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.

- Documentos contables de retención de crédito de data 5 de decembro de 2024 (RC FUT nº 12024000197404 e 12024000202393).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Do expediente de contratación

A celebración de contratos por parte das Administracións Públicas require a previa tramitación dun expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato.

O inicio do expediente de contratación correspóndelle ao órgano de contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de grande poboación, como é o caso de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP). No entanto, esta competencia delegouse nos concelleiros de Área por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023.

Nel xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP) e a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f). Así mesmo, consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato (artigo 116.3 da LCSP).

Consta no expediente o certificado de existencia de crédito de data 5 de decembro de 2024.

A adhesión á Central de Contratación da FEGAMP realízase segundo o modelo remitido pola FEGAMP.

-II-

Das centrais de contratación

Os artigos 218, 227 e 228 da LCSP regulan os sistemas para a racionalización da contratación das administracións públicas, entre os que se atopan as centrais de contratación.

Estas centrais de contratación actuarán adquirindo subministrados e servizos para outros entes do sector público, ou adxudicando contratos ou celebrando acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición para a realización de obras, subministracións ou servizos destinados aos mesmos.

A disposición adicional quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local permite que As Entidades Locais poidan constituír asociacións, de ámbito estatal ou autonómico, para a protección e promoción dos seus intereses comúns e conforme ao previsto no artigo 203 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, estas asociacións poderán crear centrais de contratación. As Entidades

Locais a elas asociadas, poderán adherirse a ditas centrais para aqueles servizos, subministros e obras cuxa contratación se efectuou por aquelas, de acordo con as normas previstas nese Texto Refundido, para a preparación e adxudicación dos contratos das Administracións Públicas.

A FEGAMP é unha asociación constituída polas entidades locais que voluntariamente o decidan, creada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (en diante, LBRL). O ámbito territorial da FEGAMP é o da Comunidade Autónoma de Galicia, tal como se define no artigo 2 do Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado por Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, e disposicións legais do Parlamento de Galicia que a desenvolven. A competencia incluírá calquera asunto que garde relación coas autoridades locais que integran o territorio.

O acordo da Comisión Executiva, de data 21 de maio de 2024 polo que se aproba o Regulamento da Central de Compras da FEGAMP, atribúe á Central de Compras a racionalización da contratación de servizos postais e telegráficos necesarios no ámbito da FEGAMP e as súas entidades adheridas.

-III-

Competencia

A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

É preceptivo, con carácter previo á aprobación do expediente de contratación, o informe da Asesoría Xurídica (disposición adicional 3ª.8 da lcsp), e a fiscalización previa da Intervención Xeral.

ACORDO

Por todo o exposto, e unha vez incorporados ao expediente o informe da titular da Asesoría Xurídica e o informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

1º.- Adherirse á Central de Contratación da FEGAMP co fin de poder contratar os servizos postais e telegráficos que sexan contratados pola mesma.

2º.- Adherirse ao contrato centralizado de servizos postais e telegráficos celebrado por dita Central de Contratación durante o prazo nel establecido, incluídas as prórrogas que eventualmente se acorden, comprometéndose a adquirir os subministros ou os servizos postais e telegráficos que a Central de Contratación da FEGAMP vai adquirir, nos mesmos termos e condicións de adxudicación do contrato.

3º.- Emitir o correspondente documento de compromiso de reserva do crédito, conforme á estimación de prezo do servizo para a entidade que se recolle nos pregos de cláusulas administrativas. No expediente constan os documentos contables de



Concello de Vigo

retención de crédito, de data 5 de decembro de 2024: RC FUT nº 12024000197404 e 12024000202393, ambos os dous por importe de 110.000,00 euros.

4º.- Con relación á adhesión específica ao contrato centralizado de servizos postais e telegráficos, o Concello de Vigo obrígase a:

- Designar como persoa de contacto para manter as comunicacións que procedan coa Central de Contratación da FEGAMP, así como notificar calquera modificación que se produza naqueles a xefa do Departamento administrativo da Alcaldía, Luz María González Domínguez, correo electrónico: luz.gonzalez@vigo.org e teléfono 986810231.
- Proporcionar á Central de Contratación da FEGAMP canta información e documentación lle sexa requerida en relación coa execución dos servizos contratados.
- Poñer en coñecemento da Central de Contratación da FEGAMP as demoras nos prazos de entrega, defectos na prestación dos servizos ou calquera outro incumprimento total ou parcial relacionado co contrato, para a adopción das medidas oportunas.
- Realizar a recepción dos servizos e efectuar o seu pago nos termos contemplados no contrato.
- En relación á facturación, proporcionar os seguintes datos
Oficina contable GE0000575 SERVICIOS ECONOMICOS / INTERVENCIÓN
Órgano xestor L01360577 CONCELLO DE VIGO
Unidade tramitadora GE0001398 ADMINISTRACION XERAL / CONSERXERIA
- Comprometerse a actualizar calquera dato de contacto ou facturación en canto este se produza.

5º.- Facultar á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal para a formalización de cantos documentos sexan precisos para a efectividade deste acordo.

6º.- Aprobar o gasto de 220.000 euros para o pagamento dos servizos postais con cargo á aplicación orzamentaria 9200 2220100 (Gastos franqueo, Xiros, etc. Conserxería) de acordo coa seguinte distribución por anualidades:

- Ano 2025: 110.000 euros
- Ano 2026: 110.000 euros

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(1050).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dez horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez